


# ALCUMES RECOLLIDOS EN BETANZOS

por XESUS TORRES REGUEIRO (*Baraxeiro*)  
e XULIO CUNS LOUSA (*Muñoz*)



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

1989



# ALCUMES RECOLLIDOS EN BETANZOS

*por XESUS TORRES REGUEIRO (Baraxeiro)  
e XULIO CUNS LOUSA (Muñoz)*



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS  
1989

# ALCUMES RECOLLIDOS EN BETANZOS

por XESUS TORRES REGUEIRO (Baraxeiro)  
e XULIO CUNS LOUSA (Muñoz)

## INTRODUCCION

### PRIMEIRO FOI O NOME

Hai que supoñer que cando o home rompeu a falar o primeiro que fixo foi poñerlle nome a todo aquilo que tiña ó seu redor e, polo tanto, a si mesmo e ós seus semellantes.

Dese xeito iría poñendo nome á terra, á agua, ó sol, á lúa, ó lóstrego, ós distintos animais, ás diferentes árbores e plantas... e así inventáronse os sustantivos ou nomes que hoxe coñecemos como comúns. O home sería home, a muller sería muller, o neno neno e a nena nena, sen máis.

Pero ó ir evolucionando, ó ir decatándose que el era o “rei” da creación, que el estaba por riba dos demás seres animados, non puido contentarse cun nome xenérico para sí e para tódolos que eran coma el e así créase a necesidade dos nomes ou sustantivos propios. El non podía ser simplemente “home”. El tiña que ser home e algo máis; algo que o distinguira dos demás ós que non consideraba tanto coma el.

Estes nomes propios estaban baseados, en principio, nalgúnha cualidade física ou moral de quen o levaba, porque a tiña ou porque pensaba que a tiña. Se reparamos nos nomes dos que fan este traballo vemos que Xesús quere dicir Salvador e Xulio

quere dicir guedella ou cabelo rizo e, da mesma maneira, tódolos nomes de home ou muller significan algo concreto que existe neste mundo: Pedro, pedra; Dámaso, domador; Celedonio, andoriña; Claudio ou Clodio, coxo; Estevo, coroa; Godofredo, paz de Deus...

Hainos que xa non precisan traducción, explicación ou comentario: León, Marcial, Pilar, Rosario, Valente, Constante, Prudencia, Severo, Esperanza...

Na antiga Roma úsase no canto do que hoxe chamamos apellido, un alcume que provén dalgún defecto do individuo. Así temos Marco Tulio Cicerón, a que puxeron “Cicerón” por verbo dun vultíño que tiña no nariz, do volume e da forma dun garbanzo ou “chícharo”, que en latín se dicía “cicer” (coa pronuncia, para nós: chicher); tamén Publio Ovidio Nasón, a quen lle viña o de “Nasón” do enorme nariz de que disfrutaba, e como eles moitos máis.

## A FORMACION DOS APELIDOS

Logo o home sintiu a necesidade de perpetuarse a través dos seus fillos, non só no sangue e na caste senón tamén polo nome e así inventou os *patronímicos*. En case tódolos países do mundo se dan: En Rusia o fillo de Pedro leva como patronímico Petrovich, o de Alexandre, Alexandrovich, etc. En Bulgaria é o mesmo procedemento pero rematando en “ov”: Romanov, Dimitrov, Karlov... En Grecia en “poulos”: Andreopoulos, Dimitriopoulos... En Inglaterra e Islandia en “son”: Benson, Johnson... En España en “ez”: Fernández, Pérez, Rodríguez, Sánchez, Martínez, López, etc, etc.

Co paso do tempo repetíanse demasiado os patroními-

cos e houbo a necesidade de inventar outros apelidos. Os poderosos señores utilizaban como sobrenome o das terras que eles dominaban e os humildes o do lugar que habitaban. Aparecen os topónimos: Toledo, Sevilla, Córdoba, Valencia, Lemos, Ocaña... por unha banda e pola outra os do Pico, da Pena, do Rego, da Vila, del Riego, de la Peña, Carballal, Carballeira, Souto, Fraga, Brañas, Corredoiras, Sanguiñedo... Deste xeito a toponimia maior e menor foise incorporando ós nomes como apelidos.

Outros apelidos viñeron da *profesión* que exencían: Ferreiro, Barreiro, Concheiro, Sastre, Zapatero... de *cualidades* ou *defectos*: Mao, Sordo, Gallardo, Valente, Boo... De *animais*: Golpe, Eiroa, Raposo, Becerra... De *vexetais*: Carballo, Castiñeira, Lechuga, Pino, Pereira, Uzal, Viñas... E das cousas más dispares: Torres, Eiras, Morodo, Leite, Lousa, Pan, Iglesias, Caruncho, Queiruga, Albor, Queipo...

Hai quen opina que a formación dos apelidos comenza no século IX e conclúe no XVI, cando aparece a primeira regulación oficial, consecuencia da división do mundo cristián por mor da Reforma. Pero vese facilmente que o sistema non era tal como é hoxe. Por exemplo: Miguel de Cervantes Saavedra, nado no século XVI (1547), era fillo de Rodrigo de Cervantes e de Leonor Cortinas. ¿De onde sae, pois, o Saavedra? ¿Segue a ser un alcume, quizais topónimo? Tamén temos a Lope de Vega y Carpio, fillo de Félix de Vega Carpio e Francisca Fernández Flores, que naceu en 1562. Peor ocorre con Francisco de Quevedo y Villegas, nado en 1580 e fillo de Pedro Gómez de Quevedo e de María Santibáñez.

De tódalas maneiras o Concilio de Trento (1563) estableceu que se impuxeran ós nenos nomes de santos e que en tódalas parroquias se levaran rexistros de bautismo, matrimonio e defunción. Deste xeito foise ó sistema que temos hoxe en

canto á denominación das persoas.

Por outra banda nunha cultura e sociedade como a nosa, coutado o desenrollo da língua e o progreso intelectual autóctono de seu xa dende a Idade Media, producíuse unha gradual castelanización da vida social que acadou ós nomes e a moitos apelidos propriamente galegos. Desde o século XVI ata hai pouco tempo, o mesmo clero actuou como axente castelanizador imponendo nomes casteláns ou castelanizados. Os apelidos propriamente galegos sofriron un proceso semellante, unhas veces provocado polo escribano de turno e outras polo propio interesado que desgaleguizaba o seu apelido nun afán de agachar ou esquecer unhas raíces evidentes. Así apelidos como do Porto, da Pena, do Pico, da Vara, da Viña, da Fonte... pasaron a ser escritos polos escribanos e logo polos propios individuos como uns híbridos Doporto, Dapena, Dopico, Davara, Daviña, Doval, Dafonte... cando non pasaron a ser de la Peña, del Valle, de la Fuente, etc, tentando agachar as súas orixes; ou ben pronunciando a xeito castelán e escribindo con grafías G e J (tal como se escribían en galego-portugués medieval) apelidos como Seixo, Ameixeiras, Orxeira, Rexo, Cereixo, Teixo, Teixeiro... que teñen en galego un significado moi concreto e que non teñen ningunha explicación en castrapo; cando non se castelanizaba o apelido suprimindo ou engadindo algún fonema para facelo totalmente semellante ó castelán: Peña, Ribera, Vega, Sierra, Soto, Puente, Roca, Otero... As veces esta alteración facía que cambiara totalmente o significado e orixe do apelido, como ocorre con Vello trocado en Bello. O axente castelanizador de turno, pensando en moldes ortográficos casteláns, trocaba unha cualidade de vellez en fermusura. Unha normalización lingüística coherente e efectiva da nosa sociedade, á par de galeguizar os nomes propios debe ter en conta tamén a recuperación dos apelidos propriamente galegos na súa forma orixinal e auténtica.

## OS ALCUMES: DEFINICION E ORIXES

A pesar de que en España é obligatorio o uso de un ou máis nomes e dous apelidos non deixan de ser abundantes os pseudónimos, sobrenomes, motes, alcuñas, alcuños, alias, estripotes, nomeadas, alpurnes, lumiadas e demáis apelativos que de todas estas maneiras se chaman.

A maioría dos artistas do cine ou do teatro cambian de nome, procurando poñer outros más eufóricos que os que eles teñen, pensando que un Xan López ou un Pedro Pérez non poderían chegar moi lonxe polo camiño da arte. Tamén moitos escritores e periodistas firman os seus traballo, por unhas ou outras razóns, con pseudónimos: *Azorín, Fernán Caballero, Augusto Assía, Borobó...*, así como os betanceiros: *El Bachiller Hungarello, Silvano de Leonisa, Mendo Abelares, Brais da Bouza...* Nestes casos os sobrenomes gústanles ós que os levan porque os elexiron eles mesmos, o que non ocorre sempre no caso dos alcumes postos polos demás.

O alcume ven sendo algo así como un pseudo-nome ou un pseudo-apelido, que serve para connotar e identificar a individuos ou grupos familiares, revelándose case necesario ou eficaz cando o nome e o apellido non son suficientes, ben sexa pola repetición dos mesmos nunha comunidade ou pola súa incoherencia para a identificación dos individuos ou das familias.

As orixes do alcume son variadas e practicamente as mesmas dos nomes e dos apelidos. Poden estar nunha virtude, defecto, ou particularidade do individuo ou familia en cuestión, en determinados gustos ou afeizóns, nalguns oficios ou profesións desempeñados, delatando a procedencia xeográfica, un

acontecemento especial..., e moitas veces non teñen unha causa determinada ou ben perdeuse a memoria da causa ou suceso que os motivou. Outras veces o alcume é froito da imaxinación e inventiva popular, cando non da ironía e senso do humor das nosas xentes. Vicente Risco escribíu sobre isto: “*Tocante á nacencia dos alcumes, téñse dito que os galegos e portugueses teñen unha vista moi aguda prás particularidades personais, que se manifesta, como nos antigos románs, no gran número de nomeadas que atopamos nos documentos.*” (‘Etnografía, Cultura esperitual’ en Historia de Galicia, t.I. Buenos Aires, 1962, páx. 493).

Tamén existen e abundan os alcumes familiares. No rexistro civil ou no da igrexa pónenlle un nome ó neno ou nena e logo chámanlle outro que, nalgúns casos, ten certa semellanza: Chenel por Xosé Manuel; Ton por Antonio; Chus ou Xuxo por Xesús, etc.; pero hai outros que non se lles atopa o parecido por ningures: Queco por Antolín, Tana por María Cristina, Yoni por María da Concepción e moitos más. Despois hai outro que parece valer para tódolos nomes: Tito. No caso deste tipo de alcumes, normalmente son moi ben tolerados polas mulleres e bastante menos polos homes. Curiosamente os alcumes familiares danse incluso en xente rexistrada oficialmente con varios nomes propios, como alternativa á elección dun deles en detrimento dos outros.

## CARACTERISTICAS DO ALCUME

Varias son as características do alcume: Por unha banda o seu carácter vilego e rural, propio de pequenas concentracións demográficas onde case todo o mundo se coñece e establece relacións de vecindade, cousa impensable en grandes cidades e concentracións urbáns, onde moitas veces nin siquera se coñece

nin trata ó veciño do mesmo edificio, con excepción dos antigos barrios urbáns periféricos e con personalidade propia, onde, ata hai pouco, o modo de vida era moi semellante ó dunha pequena vila (pensemós, por exemplo, nas barriadas da Gaiteira e Moneiros na Coruña).

Por outra banda o seu carácter hereditario. Un bó número de alcumes, sobor de todo aqueles que máis que a un único individuo connotan a toda unha familia ou clan familiar, son herdados. O alcume, moitas veces, hérdase e pasa de xeración en xeración, perdéndose o rastro de moitos deles. Así, varios que foron herdados perderon na actualidade a referencia ou causa que tiveran no pasado

Outra característica dos alcumes é a súa compoñente de clase. A burguesía ou as familias influíntes dunha vila ou localidade case nunca teñen alcumes (en todo caso funciona como tal un antigo apelido perdido na transmisión familiar), empregándose únicamente entre as clases populares. E isto é porque o alcume, para desempeñar a sua función, ten de ser assumido, de boa ou mala gana, polo alcumado. Os individuos e familias influentes e poderosos difficilmente asumirían un alcume como signo diferenciador, máxime sendo posto polos seus inferiores, posuindo outros sinais diferenciadores (estes de clase) como a influencia na sociedade, as profexións liberais e cargos que ocupaban ou a propria riqueza da casa e da familia.

## A GRADUAL DESAPARICION DOS ALCUMES

Hoxe en día vanse perdendo os alcumes e isto é así por varias causas: Hai anos o número de nomes propios que comunmente se lles poña á xente era moi limitado: Manuel, Xosé, Pedro, Francisco, Ramón e poucos más para os homes; Ma

nuela, Xosefa e María eran os más correntes nas mulleres, este último nas distintas variantes correspondentes a advocacións marianas: María do Carme, do Pilar, da Asunción, Concepción, Purificación, do Rosario, etc. De aí o dito de que tódalas mulleres son Marías.

O costume de poñer os padriños o seu nome ós afillados era outro dos motivos polo que os nomes se repetían ata a saciedade na bisbarra. E o de que case sempre foran padriños os avós, levou a que se deran bastantes casos de irmáns co mesmo nome, ós que había que distinguir como Xosé (maior) e Xosé (menor). Tamén se daban casos de ser un irmán padriño de outro e poñerlle o nome del, de maneria que se repetía o que antes se dixo.

Cóntase que houbo un crego de certa parroquia de Bergantiños que cando chegaban cun crío para bautizar preguntaba que nome lle ían poñer e se dicían Clodoaldo, Luciano, Maximiliano ou outro nome non vulgar o crego respondaba: “*Eses son nomes para xente rica e vos sodes pobres, así que o neno ten que ser Manuel, Xosé, Andrés ou Antón.*” Unha anécdota en sentido contrario contábaa Anxel Fole (*Conversas con Anxel Fole*, por Carlos Casares, Vigo 1984, pág. 66-67), coa súa característica gracia, das terras de Quiroga, onde atopou unha chea de nomes clásicos entre os paisanos: Rómulo, Píndaro, Lucrecia, Valerio, Belisario, Flaminio, Tiberio, Ovidio... “*Esto penso eu que debeu ser algún cura de por alí, que se dedicou a lles poñer nomes clásicos ós nenos do lugar. Digo eu, porque senón non se entende*”, dicía Fole.

Hoxe, en troques, pónense nomes moi variados, algúns de orixe estranxeiro e moitos deles que nin figuran no santoral. Moitas veces, hai que dicilo, estas innovacións na onomástica son froito dun papanatismo e dun snobismo moi influídos polas modas do momento. Así ó tempo que proliferan entre os nosos nenos nomes rusos, ingleses, franceses, italianos e mesmo cata-

láns (como o socorrido Montserrat, que non sabemos que tradición pode ter en Galicia esta Virxe que da nome ó santuario símbolo do catalanismo), nótase a pegada que certos artistas ou cantantes de moda no seu tempo deixaron en moitos pais que puxeron ós seus fillos nomes de famosos do espectáculo. Do mesmo xeito que a influencia da emigración americana a primeiros de século deu lugar á implantación en Galicia de nomes moi populares en Sudamérica o Centroamérica, dos que algúns (coma o de Raul) acadaron un certo éxito. Compre citar tamén a tendencia efímera e minoritaria, propia de militantes obreristas que poñían ós seus fillos (sobor de todo na etapa da II República) nomes non cristiáns e de simboloxía libertaria ou socialista: Germinal, Libertad, Fraternidad, Libertad Fraterna, Lenin, Jaurés, Solidaridad, Vida, Marxina... (neste último nome o "x" coa pronuncia ks).

Tamén hai anos, ó non contar con moitos medios de comunicación, era moi comúns os matrimonios entre a xente da mesma bisbarra e por esa causa repetíanse os mesmos apelidos en cada zona, aparte dos terminados en "ez" que eran comúns a todas. De forma que:

En **Oza dos Ríos** atopábanse, e ainda se atopen, grande cantidad de xente apelidada Seoane, Carro, Rilo, Río, Naveira, Arceo, Boado, Boedo, Bolaño...

En **Abegondo**: Loureda, Aba, Fariña, Erias, Roel, Beade, Zapata, Barrós, Barbeito, Mantiñán, Boquete, Lodeiro, Mazás, Codesal, Dans, Arcai...

En **Bergondo**: Boutureira, Seixo, Fafián, Amor, Franco, Erol, Xaspe, Carabel...

En **Cesuras**: Cao, Couceiro, Delgado, Pedreira, Mazás, Centoira, Manteiga, Bermúdez... (cítase este último por ser practicamente exclusivo desta zona).

En Sada: Arévalo, Portela, Guitián, Cividanes, Illanes, Taracido...

En Irixoa: Panete, Bonome, Medín, Manivesa, Valeiro, Couce, Brozos...

En Aranga: Sante, Dafonte, Roca, Brañas, Santiso, Filgueiras...

En Coirós: Vara, Tomé, Vales...

En Miño: Allegue, Regueira, Cabana, Vilaboi, Infante, Somorrostro...

En Oleiros: Caridad, Conchado, Vieiro...

En Cambre: Becerra, Moris, Esmorís, Pan, Amil, Caramelo, Barba, Chas...

En Curtis: Ansede, Ares, Uzal, Enxamio...

En Paderne, con ser un concello de pouca extensión superficial, pódense distinguir dúas zonas ben diferenciadas. Nas parroquias do interior: Paderne, Obre, Vilamaurel, Adragonte e Vigo, predominan os Cachaza, Orxeira, Teixo, Faraldo, Cal, Grandal, Touceda, Ucha, Calaza... E na zona da mariña, parroquias de Viñas, Souto, Vilouzás e incluso Tiobre, que xa é de Betanzos, abundan os Pico, do Pico, Porto, do Porto, Gabín, Sabín, Abrodos, Cartemil, Cordal, Romay, Diz... Moitos destes apelidos e outros máis pasaron a se converter en alcumes, como nome diferenciador da familia, unha vez que o apelido se tiña perdido na transmisión familiar.

Pois ben, volvendo ó dos alcumes, na época en que os nomes e os apelidos se repetían en cada bisbarra foi cando agromaron más. Era unha pura necesidade para poder saber a quen un se refería, xa que podían coincidir varios chamados igual.

Na actualidade cos medios de comunicación existentes e

o éxodo da xente do agro cara as cidades grandes e industrializadas, así como a emigración, fan que a xente dunha comarca se cruce coa de outras alonxadas, incluso estranxeiras.

## A NOSA RECOLLEITA

Hoxe recollemos aquí unha boa nómina dos alcumes (cerca de 2.000) que existen en Betanzos e algúns mesmo xa desaparecidos mais ainda presentes na memoria de moitos, sobor de todo da xente de certa idade. Non son, por suposto, todos pero si unha boa mostra.

Clasificámolos por temas e, dentro deles, por orde alfabetica para unha más doada localización, encarando cada un na temática que nos parecía máis axeitada despois de barallar, nos casos de dúbida, varias alternativas. Algúns incluso se repiten en distintos grupos temáticos por non termos claro a súa posible orixe e encaixar en varias posibilidades. Unha serie deles fican á marxe de calquer clasificación, ben por descoñecer o seu significacio ou a súa orixe e razón, ou ben por ser poucos para formar con eles un novo tema. Van ó remate, nunha columna de VARIOS ou SEN CLASIFICAR, ordenados alfabeticamente.

No caso de que o alcume en cuestión estea baseado nun feito especial que sexa coñecido por nós ou saibamos algunha anécdota especialmente curiosa e relacionada con ese alcume, cóntase á súa beira. Tamén explicamos o significado da palabra que dá lugar ó alcume cando non é moi coñecido para así comprender a razón que nos levou a clasificar ese alcume nun determinado grupo.

Os alcumes que teñen unha variante feminina lévana sinalizada detrás da forma masculina, ou ó contrario se o princi-

pal é o feminino (por exemplo: Capador, -ra; Borralla, -llo). Compre dicir tamén que por atoparse a nosa bisbarra dentro do territorio onde se produce o fenómeno da “gheada” na fala, todos aqueles alcumes que levan a letra “G” na súa escrita débense pronunciar con “gheada” para non desvirtuar a súa fonética orixinal.

## OUTRAS RECOLLEITAS DE ALCUMES EN GALICIA

O estudoso portugués José Joaquin Nunes estableceu unha clasificación dos alcumes en catro apartados: os que teñen orixe ou semellanza con animais, os que teñen orixe ou cousas ás que os alcumados teñen afición, os que teñen orixe en cualidades físicas ou morais dos alcumados e os que teñen a súa orixe en circunstancias da vida da persoa alcumada.

Esta clasificación, que nós estimamos breve e ampliamos na nosa recolleita, foi seguida en Galicia por Vicente Risco e outros estudosos da etnografía o do folclore, se ben as recolleitas de alcumes en Galicia, tan rica neles, non son abundantes ou polo menos son escasas as que foron publicadas. Coñecemos únicamente unha pequena recolleita de Francisco Lanza sobre os alcumes do seu Ribadeo natal (*Falan os de Ribadeo*, en la revista “NOS”, número 114, de 15 de Xunio de 1933, páx. 147), outro firmado coas iniciais R.M.I.. con notas de V.R. -que supoñemos sexan de Vicente Risco- (*Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza-CEN ALCUMES POPULARES*, en Revista “NOS”, número 60, de 15 de Nadal de 1928, páx. 232 e 233) e un pequeno traballo marxinal do poeta e escritor de Celanova, Celso Emilio Ferreiro. Este último publicouse no libriño *A taberna do galo* (colección O

Moucho, nº 55, Edt. Castrelos, Vigo 1978) co título de “Onde se espriican, crasificados por especies e maneiras, os alcumes da vila” e, ó parecer, non foi moi ben acollido polos paisanos do poeta, incomprensión que lle causou máis dun disgusto coas súas relacóns.

Coidamos que este tipo de incomprensións non teñen razón de ser na actualidade e que, a non ser aqueles casos de alcumes excesivamente ferintes e aldraxantes, o alcume debe ser levado cun senso de humor e ainda (nos casos de alcumes herdados dos devanceiros) cun certo orgullo xeracional e de caste. Nós agaramos que esta recolleita dos alcumes de Betanzos non sexa tomada a mal polos nosos paisanos, nunha vila onde todos ou case todos o temos, e que a nosa sa intención sexa comprendida e aceptada por todos. En todo caso, se alguén se molesta que sexa por notar a ausencia do seu alcume e non polo contrario. Ademais, nós non fomo-los alcumadores.

Hai quen, ó mellor, non admite que o chamen polo alcume fóra do seu circo familiar e íntimo e atópase moi fachen-doso co seu apelido. E ás veces ocorre coma cos que agora se citan:

Calaza que, segundo o diccionario, quer dicir: “Farrapento, esfarrapado.// Farrapo.// Que, ou aquel que está desfigurado, ou en mal estado. // Carne putrefacta, carniza.”

Cajade, Carneiro, Porca (sen comentarios).

Couce: “Golpe dos equídeos coas patas traseiras. // Fig. Mal pago dun beneficio ou favor. // Brutalidade.”

Couceiro: “Que acostuma a dar couces...”

Cuiñas: “Persoa que ten medo”.

Cabirta: “Cabra pequena”.

**Cacheiro:** Que, entre outras acepcións ten a de porco semental, varrón.

**Cestar:** Que en algunha acepción quere dicir despoxar, saquear, desfalar.

**Crespo:** “Aspero. // Ameazador. // Arrogante. // Perigoso. // Indecente, indecoroso.”

A ninguén dos que levan estes apelidos lles parece mal que os chamen por eles e, pode ser, que lles pareza mal un alcume bastante máis decoroso.

Polo tanto cos apelidos como cos alcumes cada quien ten que cargar co seu e levalo con paciencia e con certa filosofía. De nada val enfadarse nin tomalo a mal pois esa é a maneira de que xamaís se esquezan que para fastidiar a un non hai máis que chamalle aquilo.

O mellor sistema é o de aquel a quien alcumaban o “TROIA”, que tiña un veciño que lle quería mal. O tal veciño empurraba ós rapaces do barrio para que alcumaran ó outro. O “Troia”, pasados uns días sen que os nenos pararan na súa teima, pillou a determinación de lle dar un peso a cada un dos rapaces de cada vez que o alcumaban. Pasado un tempo deixou de darles o peso ós rapaces. O cabo duns días, en vista de que o tal “Troia” non lles daba o “xornal” deixaron de alcumalo.

Sería bo que en tódalas vilas e pobos do país se fixera unha recolleita dos alcumes dos seus veciños. Moitos, de seguro, teranse perdido, mais os recollidos darían boa conta do humor, ironía e imaxinación da xente e, ó mesmo tempo, da historia miuda das nosas xentes e incluso dos acontecementos e cambios sociais. Saberíamos, en definitiva, un pouco máis de nós mesmos.

## NOMES DE PERSOA

(Sempre que o saibamos figurará entre paréntese o significado do nome.)

**ALBERTE** (Brillante pola súa nobreza.)

**ALEANDRO, DON:** Vulgarismo ou deformación de I.E-ANDRE (home do pobo, ou ben león-home). Moita xente de Betanzos chamáballe DON ALEANDRO a D. Leandro Pita Lasantas, nado en Mera, preto de Ortigueira, quen casou na cidade de Betanzos. Moi coñecido pola súa simpatía. Creou, cultivou e promocionou entre os betanceiros unha grande afeizón ó teatro, para o que tiña excepcionais aptitudes como director e mesmo como actor. Utilizaba normalmente gorra de prato de estilo mariñeiro, polo que os nenos pensaban que tiña unha alta graduación na Armada. Nunha ocasión preguntáronlle a un rapaz que quería ser cando chegara a home e el respondeu: "Eu de grande quero ser don Aleandro."

**AMADEO, AS DE** (O que ama a Deus, devoto).

**AMPARO, TOÑITO DA**

**ANTONIO MARIA** (Antonio: flor; María: estrela do mar).

**AQUILINO, OS DE** (De águia).

**VELINO O CHIRELA:** O seu nome completo é: AURELIO MARTINEZ SANCHEZ (Aurelio significa dourado e Avelino derívase da cidade italiana AVELLINO, zona na que se dan moi ben as avelerias, de aí a palabra castelá AVELLANA).

**BARBORA, PEPE DE:** Vulgarismo de Bárbara (estraneira).

**BARTOLO** (Que ten a auga pola súa man).

**BASILIOS, OS:** Chamábanlo os fillos de Basilio (rei).

**BASTIANA** (Venerable).

**BENITAN, -NA:** Deformación de Benito (bendito).

**BERNABE** (Xemeo).

**CAIN, AS DE:** Provén do título dunha obra de teatro: “*Las de Caín*”, de moito éxito polos anos 1940 (Caín: Poseído).

**CANUTO, -TA**

**CARLOTA:** Feminino de Carlos (o magnífico, viril).

**CARMELO** (Campo cultivado).

**CAROLINAS, AS** (Carolina o mesmo que Carlota).

**CATALINA, XAN DE:** O tal Xan era marido dunha chamada Catalina. Os fillos chamábanles OS CATALINOS. (Catarina: Pura).

**CECILIO** (Cego) Houbo un Cecilio que viña de cando en vez por Betanzos, vestido de peregrino e dicíase del que fora varias veces a Roma, en peregrinación, a pe.

**CESARES, OS** (César é o que nace con cabeleira).

**CIRILO, AS DE** (Señoril).

**CLARITO, -TA:** (De Claro, ilustre).

**COSME, -MA** (Limpio).

**CRUCES, AS DE:** Chamadas así porque houbo na familia un que tiña por nome CRUZ.

**CHINTO, -TA:** Xacinto (Flor e pedra preciosa).

**DANIELES, OS:** De Daniel (Xuicio de Deus).

**DELFINAS, AS:** De Delfín (Sobrenome de Apolo).

**ELADIOS, OS:** Do grego HEI.LADIOΣ, de Heilas.

**FELISA, DA:** Derivado de Felicidade.

**FERMINA** (Carácter sólido) FERMINA DAS CABRAS era muller que tiña duas cabras, que as levaba pastar tódolos días e mentres ela fiaba lá cun fuso e unha roca.

**FLORO, DO** (Variante de Flor).

**FOITINA:** Un home alcumado IÑO, pronunciaba moi mal, a muller chamábase FORTINA pero el dicíalle FOITINA.

**FRAULANA:** Deformación de FROILANA (señorita). Debeu morrer polos anos 1940. Era moi vella, dicíase que tiña moitos máis de cen anos. Fumaba a reo e era, naqueles tempos, a única muller que o facía pola rúa.

**GABINO, AS DO** (Habitante de Gabines).

**GENEROZO**

**GOROS,** (Vixiante).

**GUILLERMOS, OS:** De Guillermo (que quere proteger).

**HARRY:** Anglicismo por Enrique (rico en fincas). Quen leva tal alcume chámase Manuel.

**HORTENSIA:** A Xardineira. Neste caso o alcume levába un home.

**JAPITOS, OS:** De Agapito (Amado).

**JESUALDO, AS DE**

**JOHN:** Anglicismo por Xoan (Deus é misericordioso).

**JOSE-MARIA, AS DE** (Xosé: El acrecentará).

**JUDAS** (Confesión). Non sabemos se llo chamarían por traidor.

**JULIBERTO:** Xulio (guedella, rizo) e Alberte.

**LONGINES:** Deformación e vulgarismo de LONGINOS. Seguramente que esta deformación está causada por certa famosa marca de reloxios. Lonxinos (lanza, por ser quen tirou a lanza ó costado de Cristo. Do grego *LONHKE*).

**LOUREANO:** De Laureano (coroadado de loureiro).

**LUCAS, OS:** (De lucus, bosque, ou de Luca, cidade de Italia).

**LUCIANAS, AS:** De Luciano (nado á luz do día).

**LUCRECIAS, AS.**

**MADALENO:** De Magdala.

**MAGIN, OS DE:** (Grande).

**MARCELINAS, AS:** De Marcelino (Martelo pequeno).

**MARCOS, OS DO:** De Marcos (nacido en Marzo).

**MARIA, PEPE DA.**

**MARIA-ANTONIA, ANDRES DE.**

**MARIA MANUELA, O:** A quen tal chaman non é porque sexa afeminado nin amaneirado, como puidera parecer.

**MARIANO:** Pertencente a MARCO (Romano).


**MARTIÑA, A:** De Martiño (home da guerra).

**MATEOS, OS:** De Mateo (don de Deus).

**MAURICIO (O negro).** Chamado así porque se apelida Mauri.



"A Fraulana". Debuxada a partir de conversas.



**MEREXILDO**, -DA: (Aliado).

**MICAELA**, DE: Feminino de Miguel, ¿quen como Deus?

**MODESTO**, DE: (Comedido).

**MONSERRAT**: (Monte aserrado).

**NEMESIO**, AS DE: (Xusticieiro).

**NICOLASA**, DA: De Nicolás (vencedor do pobo).

**OLALLA**, A: (Ben falada). Este alcume aparece no libro de Isabel Ríos *Testimonio de la Guerra Civil*, Ediciós do Castro, Maio de 1986.

**OSCAR**: (Lanza ou dardo dos deuses). Quen leva este alcume chámase Xosé.

**PALMIRO**, RA (Alusivo ó domingo de Ramos).

**PANTALEON**: (Todo misericordia);

**PASTOR**: Había un tal PEPE DE DON PASTOR.

**PAULUS**: (Pequeno).

**PELENGRIN**, -NA: (Que vai errante).

**PIRISCA**: Deformación de PRISCA (antiga).

**POLICARPIO**, DE DON: Deformación de Policarpo, do grego *POLYKARPOS* (de abundante froito).

**PRESENTA**, DA.

**QUEITANO**: De Caetano (de Gaeta, Italia).

**QUITERIA**, DE DOÑA (De Cytherea, epíteto de Venus).

**RAMONA**, DA: Feminino de Ramón (o que protexe polo consello).

**ROLINDES:** Era unha familia de moitos irmáns e unha delas chamábase así. Co tempo quedoulles ese nome como alcume a tódolos demáis.

**ROMAN, OS DE:** (Ciudadán de Roma).

**ROMUALDOS, OS:** De Romualdo (que domina a fama).

**ROQUE, OS DE:** (Elevado, ergueito).

**SABELOS, OS:** De Sabela (a que xura por Deus). Véxase ESCALLOTE no apartado “SEN CLASIFICAR”.

**SALVADORA, OS DA.**

**SANTOS, OS DE.**

**SARA, DA** (Princesa) Manolo e Pepe da Sara tiñan unha irmá así chamada.

**SEVERINO** (Firme na xusticia). Había un a quen alcumabamos: **SEVERINO MAMA**.

**SILVESTRE, DO** (Da selva).

**SIMOS, OS:** De Simón (chato).

**TERESO, O:** De Tareixa, na versión castelá Teresa (nada na illa de Tera).

**TORIBIO** (Barulleiro, estrepitoso). Un chamado TORIBIO DE FLORA, non tiña tal nome.

**VITORIO** (Victorioso).

**XAN DAS PALOMAS**

**XAN DE PERILLO**

**XAN DA VELLA**

**XELO, -LA**

## APELIDOS

**AGUIARAS, AS:** De AGUIAR. Topónimo

**AMARANTAS, AS:** De AMARANTE. Topónimo. Hai un lugar con ese nome no axuntamento de Oza dos Ríos, parroquia de Cuiña e moitos máis espallados por Galicia. Este topónimo tamén pode indicar o lugar onde se da certaplanta chamada AMARANDO.

**AÑONA:** De AÑON, topónimo. Hai varias aldeas en Galicia.

**ASOREI:** Topónimo. Lugar do axuntamento de Cruces.

**BAENA:** Topónimo. Provincia de Córdoba.

**BALADO:** Valado: sebe ou elevación de terra que limita unha propiedade rústica. Tamén se da o feminino forzado: BAIADA.

**BARBEITO:** Topónimo.

**BARRAL:** Topónimo. Lugar onde hai moito barro.

**BARRIÉ:** Apelido de Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, persoa moi ricaz. Quen leva este alcume, a pesares de non ser rico, ten un aquel como se o fora.

**BARROSA:** Feminino forzado de Barros ou Barrós. Polo tanto non ten nada que ver có sustantivo BARROSA: Raza de gando bovino de pelo avermellado. Sí ten que ver coa palabra BARRO: Arxila.

**BEADE:** Topónimo.

**BELBA:** No século XVII un Pedro Rodríguez de Belba traballaba na construcción da igrexa dos Remedios.

**BERTON:** Vulgarismo de BRETON. Tanto unha palabra como a outra quere dicir rebento ou renovo da couve, repolo, etc., antes de florecer.

## BLANCO

**BLANQUITO:** Diminutivo do anterior.

**BOLAÑO:** Topónimo. Hai moitos lugares en Galicia así chamados. Entre a moita xente que había en Betanzos polos anos vinte, trinta e corenta, sen oficio nin beneficio, tolos, tontos, deficientes, impedidos ou padecedores de calquera tara física, intelectual ou mental e que vivía “de milagre”, estaba este personaxe. BOLAÑO debía ser apelido, por máis que non se lle coñecían parentes. Coidaba cabalos que gardaba nunha especie de corte que había entre o Teatro Alfonsetti e o Hotel Comercio, chamado más tarde Central, na que tamén dormía el. Este home estivera na guerra de Cuba, onde fora corneta, e alá pillara o costume de tomar café a reo. Ia tódolos días polo “ambigú” do Liceo e o concesionario, señor Francisco, botáballe un café tras doutro toda a noite, que facía coas borrallas dos que xa servira ós demais. Cando levaba tomado uns cantos tazóns desa beberaxe facíalle un efecto coma se fora viño e escomenzaba a remuiñalos dentes, que semellaban castañolas, e logo cantaba, levando o compás da rumba coas mans no mármore do velador: “*Guachipuma y no más/ así eres tu General don Tomás/ General don Tomás así eres tu / Guachipuma y no más*”. Despois contaba percances da guerra e peculiaridades do país, todo incoherente, con frases como estas: “*Sapo venenoso*”, “*Mal vidillo*”, “*Mixico*”, “*Salta sapo do botixo*”, “*Marcha can pa Bar-celona*”, / etc. Tamén falaba moito do caudillo cubano Antonio Maceo.



*"O Bolaño". Lucubración feita por referencias.*

**BORRAJO:** Castelanismo por BORRALLO.

**BOTANA:** Pode vir de BOTAINA: Remendo que se bota a algunha cousa de coiro.

**BOULLONA:** Feminino forzado de BOULLON.

**BRANDARIZ:** Topónimo.

### **BRAÑAS**

**CACHEIRO:** Que se esconde ou oculta. Ardiloso. Pau da billarda. Moca. Porco semental.

### **CADENAS**

**CAMAÑA:** Feminino forzado de CAAMAÑO.

**CANEDA:** Feminino de CANEDO. As dúas palabras queren dicir CANAVAI.. Polo tanto é topónimo.

**CARABEL:** Debérase escribir CARAVEL. Hai un feminino forzado, CARAVELA, ou vulgarmente CARABELA, que así escrito quere dicir: Pequena embarcación lixeira e veloz, de catro mastros e velas latinas.

### **CARAMÉS**

**CARAMESITAS, AS:** Feminino e, ó mesmo tempo, diminutivo forzados de CARMES.

### **CARNEIRO**

**CASANOVA:** Apelido corrente nesta bisbarra, que non precisa de explicacións nin comentarios. Hai unha familia en Betanzos que leva este alcume sen teren antecedentes do apellido. Este sobrenome ven de que un antecesor deles, nado en Vixoi, veu vivir a Betanzos e fixo unha casa no barrio da Magdalena e, como para moitos era descoñecido, cando alguén preguntaba quen era aquel home, dicíanlle: E o da *casa nova*. E quedoulles como alcume.

**CASCALLARA:** Feminino forzado de CASCALLAR.

**CERVERA**

**CONCHEIRO**

**CORDERO:** Debe ser castelanismo de CORDEIRO.

**CORREDOIRAS**

**CUIÑA:** Outeiro.

**EIROA:** Especie de anguía.

**ESPIÑEIRAS:** Topónimo. Esta familia procede do lugar da Espiñeira, Concello de Aranga.

**ESTRADA:** Topónimo.

**FAILDE:** Topónimo. Hai dous lugares en Galicia.

**FEITOS:** Plural forzado de FEITO.

**GABINA:** Feminino forzado de GABIN. Este apelido está moi localizado nas parroquias de Tiobre, Souto e Vilouzás, da bisbarra betanceira. Segundo Esteban Martínez Lago, profesor de línguas en Betanzos, arrinca dalgún francés quedado pola devandita zona, cando a guerra da Independencia, por ser apelido moi corrente en Francia. Aduce a esta opinión o feito de que algúns dos que levan tal apelido teñen como alcume PETISO que, segundo el, deríbase de PETIT SOU (pequena moeda) que sería como o francés chamaba ós seus fillos mentres eran nenos.

**GARCIA:** Apelido que debe ser o más corrente, polo que non precisa comentario, se non fora porque hai dous irmáns chamados Xosé e Leonardo Lareo Presedo, que levan o alcume de GARCIA. Isto é paradóxico, dado que os alcumes póñenselle a que ten nome e apeleidos moi correntes e neste caso ocorre o contrario.

**GOMAS:** A persoa que levaba este alcume chamábase Marcial Gómez, polo que debe ser unha deformación do apelido. Pode significar tumor granusolo propio da sífíles terciaria.

**GONDELLA:** Derivado do apelido CONDELL.

**GRANDALA:** Feminino forzado de GRANDAL, que é un topónimo.

**LAGOS, OS:** Plural forzado de LAGO.

**LASTRAS:** Plural forzado de LASTRA: Ferida ou chaga que forma constra. Pedra grande e plana. Lancha.

**LESTIDA:** Feminino forzado de LESTIDE.

**LEYES:** Castelanismo por LEIS.

**LISTIDA:** Véxase LESTIDA.

**LOUSADA:** Cuberto de lousas.

**MALVIS:** Paxaro da familia dos tordos.

**MANCERA:** Castelanismo por MANCEIRA: Peza do arado.

**MANDIAN:** Deformación de MANDIA: Topónimo, lugar cerca de Ferrol.

**MANSO**

**MANTEIGA**

**MARTIR:** Derivación do apelido catalán-valenciano MARTI ou MARTY. Moita xente chámalles así a algúns descendentes de Joaquín Marty Roca, natural de Carcagente (Valencia) e Director que foi da banda de música municipal de Betanzos.

**MEILAN:** Topónimo. Hai varias parroquias e lugares.

**MELLA**

**MILIA**

**MIRANDA**

**MONTEAVARO**

**MOREIRA**

**MUÑOZ:** Polos anos 1950 houbo en Betanzos un trío de música de corda, titulado “MUÑOZ CUNS”, que acadou certa nombradía polas súas actuacións nunha determinada emisión de Radio Nacional. Estaba composto por Eduardo e Xosé-Luis Muñoz Vales e Xulio Cuns Lousa. Moita xente foras-teira chamáballe MUÑOZ a Xulio Cuns.

**NIETO**

**PALMEIRO:** Topónimo.

**PARÍS:** Topónimo.

**PETEIRO**

**PICALLO:** Cousa de pouco valor.

**PICOS:** Topónimo. Hai lugares, ríos e montes.

**PLATAS:** Figura na Contribución de Utensilios de 1824 e 1825.

**POUSADA**

**PUGA:** Topónimo.

**PURRIÑOS:** Lugar da parroquia e concello de Irixoa.

**QUIRÓS**

**RICO**

**RIOS**

**ROEL:** Topónimo.

**ROMERO**

**SALORIA:** Feminino forzado de SALORIO.

SANTAIA: Topónimo.

SANTANA: Topónimo.

SANTOS: Topónimo.

SECO

SILVA, DA

**TEIXIDA:** FEminino forzado de **TEIXIDO:** Topónimo: San Andrés de Teixido. A TEIXIDA, Francisca Teijido, era unha persoa que, para os que a coñecimos alá polos anos 30, tiña unha idade indefinida. Vestía cunhas roupas procedentes do século anterior: pano á cabeza, blusa, toca ou mantón, segundo a época, enagua, saia “bajera”, e mandil, medias de la ou de “punto inglés”, carpíns e de calzado zocas se chovía e, cando non, zapatillas. Andaba más do tempo polas rúas coa faciana seria e mal talante. Tiña unha língua resolta, lixeira e pezoñenta e a voz clara e tonante. Coñecía a vida e milagres de tódolos betanceiros. Simplemente con chamarlle TEIXIDA escachaba en improperiros contra o alcumador e dáballe un “repaso” a tódolos seus devanceiros, sacándolles a relucir defectos, chatas, vicios e feitos vergoñosos que, ó dicir dalguns enterados, sempre eran certos, anque foran esaxerados. Un dos insultos que ela consideraba máis ofensivos era o sinalarlle a alguén que algúin dos seus anteriores non era natural de Betanzos. Neste suposto chamáballes “venideros” e deixaba clara constancia de que viñeran “mata-la fame a Betanzos”.

Un dos sitios por onde ela non deixaba xamáis de pasar era por frente ó Liceo (Edificio Arquivo), pois alí, coa parada de automóviles de aluguer, camareiros e empregados de bares e cafés, sempre había quen lle dera lerla.

Un día puxéronse todos de acordo e cando pasou a señora ninguén se meteu con ela. O pouco tempo volveu pasar e non

houbo quen lle dixera ren e así sigueu catro ou cinco veces, ata que reventou e díxolle, dirixíndose a todos, que facían o disimulado: “¿E logo hoxe non hai ningún fillo de puta que se meta coa Teixida?”.

**TEIXO:** Topónimo.

**TORREIRO**

**TROUSEDÁ:** Deformación do apellido TOUCEDA.

**VILELA:** Topónimo. Lugar do concello de Aranga.

**VILLAMARIN**

**VIQUERIA:** Deformación de BECCARIA, apellido de tra-za italiana.

**VIRAMONTES:** Deformación de MIRAMONTES.

**XEIXO:** Deformación de SEIXO. A pronuncia con dous xes é moi corrente en Betanzos.

**XUNQUEIRA**

**ZAPICO**

## FAMILIARES E DIMINUTIVOS

**ALBERTIÑOS, OS**

**ALITO:** De Alexandre.

**ANTOLIN:** Emprégano alguns como diminutivo de ANTONIO.

**AURITA, O TOÑITO DA**

**BASILONA:** Deformación de BASILIA, chamada así por ser viuda dun señor chamado BASILIO.

**BILLI:** Nos dous que coñecemos con este alcume non ten relación algunha con seus respectivos nomes nin apelidos.

**CACO:** Xogador do BRIGANTIUM, C. F.

**CAÍTO:** De Ricardo.

**CAMUCA:** De Carmen.

**CARLINES**

**CARMIÑA**

**CARMITA**

**CAROLO:** Nun artigo aparecido no xornal “*LAS MARÍÑAS*” do 22 de xaneiro do 1893 contábase a historia dun home que vivía a primeiros do século XIX nas casas números 18 e 20 da rúa Castro de Unta, hoxe Monxas, chamado N. Rodríguez, máis coñecido polo alcume de O VELLO CAROLO e tamén ZARCAS. Había unha fonte a carón das casas devanditas, que se chamaba o PICHO CAROLO, polo que hai que deducir que, ou a fonte colleu a denominación do home ou foi el quen pillou o alcume da fonte.

Volvendo ó artigo dise nel que certo día o noso personaxe atopou, preto da igrexa de Santo Domingo, un saquete cheo de moedas, que perdera un Maragato, e que con aqueles cartos o vello mercou unha “manzana” de casas na carretera de Castela.

Segue o artigo comentando a historia, que máis parece unha novela, pero imos ó certo: O tal VELLO CAROLO tiña moitas casas na Cruz Verde, todas vellas, que arrendaba a xente moi necesitada, que pagaba mentres podía y, cando non, a primeiros de mes, naqueles días que sabían que o dono ía a recolle-las rendas, marchaban deixando a chave na porta. O vello ó olla-la chave dicía: “Entendido”.

Durante moitos anos, cando alguén se decataba de que algo có que contaba non o podía conseguir porque xa voara, empregaba a frase: "ENTENDIDO, DIXO O VELLO CAROLO".

### CELINA

CLARITO: Chamábanlo a un que tiña unha irmá chamada CLARA.

COQUE: Coñecemos dous sen que teña relación este alcume cos seus nomes ou apelidos.

### CUCA

### CUCHI

CHANO: De Luciano.

CHAPA: Chámanlle así ós CARLOS.

### CHARITO

### CHARO

CHE: De XOSE.

CHEIÑO: Diminutivo do anterior.

CHELA, -I.O: De Consuelo.

CHELI, LIS: De Xose Luis.

CHELIPE: De Felipe.

CHELITA, -TAS: Diminutivo de Chela.

CHELITO: De Consuelo.

CHEMA: De Xosé María.

CHENEL, I.O: De Xosé Manuel.

CHE PACO: Quen tiña este alcume chamábbase Francisco. O de CHE viña da súa estadía na Arxentina, pois cando volveu traía o costume de chamar CHE a todo o mundo.

### CHEROLAS

**CHETONO:** De Xosé Antonio.

**CHEVILÍ:** Véxase VEI.AS no apartado de VIRTUDES, DEFECTOS E OUTRAS PARTICULARIEDADES.

**CHICHO, CHA**

**CHIRUCA:** Algunha chámase María Mercedes.

**CHISCO**

**CHOLA**

**CHOLAS:** Como alcume de varón, non confundir con CHOIA, que o é de muller.

**CHOLIÑO:** Diminutivo de CHOLO.

**CHOLO:** Normalmente chámanlllo ós Franciscos.

**CHON**

**CHONA**

**CHONCHÓN:** De Asunción.

**CHORITA**

**CHOS:** A que coñecemos chámase Xosefa.

**CHUCO, -CA:** Algúns chámanse Francisco, -ca.

**CHUCHO:** De Xesús.

**DANSA:** De Esperanza.

**DETE:** De Andrés.

**DUCHA:** De Aida.

**EDU:** De Eduardo.

**FANCHUCA, -CO**

**FARRUCO, CA:** De Francisco, -ca.

**FIFI**

**FINA:** De Xosefa.

*Gritos do Genuíño*

FINITA

FINUCA

FOITINA: Deformación de Fortina.

FUCO, -CA: Francisco, -ca.

GELUCO: De Anxel.

GENITO: De Uxío, na versión castelá: Eugenio.

GERMANIN

GILITO: De Anxel.

 GORECHO: De Goros ou Gregorio.

HILARIÑO

HILARIO: Houbo un coñecido por este nome que non era o del.

IÑO: Val para case todos.

JANINO:

JULICHIN

JUTINO: De Agustín.

LADIS: De Ladislao.

LALO: En algúns ven de Eduardo.

LEE

LELA DO CUZO: Lela, normalmente, ven de Manuela.

LELÉ: A cabalo dos séculos XIX e XX vivía en Betanzos un home alcumado LELÉ, que tiña os ollos enfermos polo que ía lavalos á fonte do Picho Carolo, pois dicíase que esa auga era moi boa para esas enfermedades. Un día certo betanceiro emigrado na Arxentina entrou nunha barbeiría en Banderoló co fin de afeitarse. Atendeuno un mozo novo, atento, educado e cun marcado acento criollo, pero ó betanceiro parecíalle que o coñecía de algo e estivo fixándose ben e tentando relembrar mentres

drou a rapadura. Cando o barbeiro acabou preguntoulle ó cliente: “¿Qué va a ser, agua o losión?” E o outro respondeu: “Agua, pero do Picho Carolo.” “Pero vos que desís, hijo de la Gran Siete”. “Deixa de falar coma os criollos, ¿tí non eres fillo do Vello Lelé?”. E claro que o era.

**LICITO:** De Xosé Luis.

**LICHE:** De Luis.

**LILÍ:** Chámase Manuel e non vemos a relación.

**LINO:** De Avelino.

**LIS:** De Luis.

**LITO:** Val para case todos.

**LIZ:** De Luis.

**LOLA:** De Dolores.

**LOLA, MANIN DA:** Chamábase Xermán e a nai Dolores ou Lola.

**LOLO:** De Manuel.

**LOLÓ:** Un dos que coñecemos chámase Xerardo. Para outro véxase VEIAS no apartado VIRTUDES, DEFECTOS E OUTRAS PARTICULARIDADES.

**LUCITA:** Supонse que ven de Luz, pero coñecemos unha que se chama Ramona.

**LUCHO:** Val para moitos.

**LUISIN**

**LULA**

**LULÚ:** De Lourdes.

**LUPINO**

**MACHITO:** Un que coñecemos chámase Gonzalo.

**MAÍNO:** De Marcelino.

**MAITE:** De María Teresa.

**ALENA:** De Magdalena.

**MANEL:** De Manuel.

**MANIN:** De Xermán.

**MANINES**

**MANUCHO:** De Manuel.

**MARCOTA:** Pode vir de Marcos ou do apelido Marcote.

**MARGOT:** De Margarita.

**MARIBEL:** De María Isabel.

**MARICHELO:** De María Consuelo.

**MARITÉ:** De María Teresa.

**MARITERE:** De María Teresa.

**MARIVÍ:** De María Victoria.

**MARUJA:** De María.

**MARUXA:** De María.

**MARUXELA:** De María.

**MENECA:** Chámase Mercedes.

**MENENA:** De María Elena.

**MERCHE:** De Mercedes.

**MERSE:** De Mercedes.

**MESINDO:** De Gumersindo.

**MIGUELIÑOS, OS**

**MILIA:** De Emilia.

**MILUCHO:** De Emilio.

**MIRO:** De Ramiro, Edelmiro...

**MIRUCA**

**MIRUCHO**

**MONCHO:** De Ramón.

**MONCHO O PARAGUERO:** Curiosamente esta persoa chámase Luis Barreiro Permuys.

**MONCHO PERALES**

**MONSA:** De Monserrat.

**MUCHA**

**MUCHO**

**NACHO:** De Ignacio.

**NANO:** Igual que o anterior.

**NARDI:** De Bernardo.

**NARDUCHO:** De Bernardo.

**NECHO:** Un que coñecemos chámase Antonio.

**NENÉ:** Houbo un chamado “PACO O NENÉ”, que vendía chilindradas polas feiras e festas e era infantiloide.

**NENO**

**NENOCHA**

**NENUCA**

**NES:** De Andrés.

**PACO, -CA:** De Francisco, -ca.

**PACUCHO:** De Francisco, -ca.

**PACHICO:** De Francisco, -ca.

**PACHUCA**

**PALUCHO**

**PANCHITO:** De Francisco. *De Francisco*

**PANCHO:** De Francisco.

**PAPO:** Chamábase Xosé.

**PARICO**

**PATUS:** Véxase **VELAS** no apartado **VIRTUDES, DEFECTOS E OUTRAS PARTICULARIEDADES**.

**PEDRIÑO**

**PEDRITA:** Había unha escola particular chamada DA **PEDRITA**.

**PEPE, -PA**

**PEPE BENITO**

**PEPE DE BARBORA:** A nai chamábase Bárbara.

**PEPE DA CUXA**

**PEPE DE BETANZOS ou PEPE DE ORDENES:** Era a mesma persoa. Nacido en Betanzos, vivía en Ordes. En Betanzos chamábanlle “Pepe de Ordenes”, e en Ordes “Pepe de Betanzos”.

**PEPE JOSÉ:** Ven sendo como Pepe elevado ó cadrado.

**PEPE LORA**

**PEPÍN**

**PEPINAS, O**

**PEPIÑO DE SU CASA**

**PEPITA, MANOLO DA**

**PEPITIÑA MANSO:** O seu nome é Xosefa Pérez Pérez.

**PEPITO**

PEPOLAS  
PEPUCHO  
PEPUCHÓN  
PERICO, DON: De Pedro.  
PEROCHO, -CHA  
PERUCHO  
PILILA  
PIÑO  
PIQUICA  
PIRUCA  
PIRULIÑA  
PIRULO, -LA: Val para moitos.  
POCHICHÓN  
POCHOLO, -LA  
POLÍN: De Leopoldo.  
POLOLO  
POPI  
POPO: De Adolfo.  
PUCHICHÓN  
PURIFICA  
PURITO  
QUECO: Chámase Antolín.  
QUICO, -CA: Moitos son Francisco, -ca.  
QUIQUE: De Enrique.

**QUITITO:** Chámase Agustín.

**RAFA**

**RAMONÉ**

**RICHAR:** Anglicismo por Ricardo.

**ROLECHO**

**RUCA**

**RUJO:** Chámase Rodrigo.

**SARITO**

**SEGES, DON:** D. Segismundo del Bosque, mestre que foi da escola de San Francisco.

**SEQUI:** De Secundino.

**SESÉ:** Chámase José Antonio.

**SEVERITO, DON:** De Severo.

**SINDO:** De Gumersindo.

**SITO:** De Andrés.

**SUSO:** De Xesús.

**TANA:** Unha das que coñecemos chámase María Cristina.

**TANO:** De Alexandre.

**TENCHO, -CHA**

**TERE**

**TERELA**

**TETIS**

**TIN:** De Agustín.

**TINITO:** De Agustín, Constantino, Diamantino...

TINO: Igual que o anterior.

TITO: Val para moitos.

TO, A

TOCHO: Antonio.

TOLÍN: Antolín e outros.

TOMASÍN: Certo actor cinematográfico cómico, da época de Charlot.

TOMASITOS, OS

TON

TONECHO

TONETI

TONIÑO

TOÑO

TOTÓ

TUCHO

TUFI

TURULO

TUTO

TUTUGINO

TUTÚS

VARITO: De Alvaro.

VENTURITAS

VIKI

VILLITA

VIRUCA: De Elvira.

YASUTA: Se refirió

**VITIN:** De Victor.

**VITITA**

**VITOCHO:** De Victor.

**VITRE, DON:** De Víctor. Aparece no periódico betanceiro  
*LA ASPIRACION*

**XANOCAS:** De Xan.

**XEFA:** De Xosefa.

**XELETO:** Anxel Parga. Véxase GATO DA PERRERA no apartado de MAMIFEROS.

**XELO, -I.A:** De Anxel, -la.

**XICO:** Aplícase máis das veces ós Franciscos.

**XIROCAS:** O que coñecemos chámase Xaime.

**XON:** De Asunción.

**XUXO:** De Xesús.

**YONI:** A que coñecemos chámase María Concepción.

## PSEUDONIMOS

Empregados por betanceiros en diversas publicacións, locais ou forasteiras, con indicación dalgunha daquelas de onde foran recollidos:

**ANSUARDO** (*BETANZOS*, revista do Centro Betanzos de Bos Aires)

**AGER COLO** (*LA ASPIRACION*)

**ARPONERO** (*EL ECO DE LAS MARIÑAS*)



*"O Xanocas"*

Elias  
11-1989

AYAN (*LA VOZ DE GALICIA*)  
BACHILLER MARTINEZ (*EL ESCOBON*)  
BR. RAMNIZET (*EL BRIGANTINO*)  
BRAIS DA BOUZA (*ANUARIO BRIGANTINO, LA VOZ DE GALCIA e outras*)  
CARIÑO (*EL MENDO*)  
CICACISCO (*LA SEMANA BRIGANTINA*)  
CLARITO (*LA BATALLA*)  
CUALQUIERA (*EL PROGRESO*)  
E.C. VIJOY (*EL ECO DE LAS MARIÑAS*)  
EDIL CLARIDADES (*EL PUEBLO*)  
EL BACHILLER HUNGARELO (*EL DIARIO DE GALICIA e outras*)  
EL CABALLERO ARTAGNAN (*NUEVA ERA, LA ASPIRACION*)  
EL SOLITARIO DEL BOSQUE (*LA ASPIRACION*)  
EL VECINO CHILLÓN (*LA ASPIRACION*)  
EL VIZCONDE RUBIO (*LA DEFENSA*)  
F. CORNETÍN (*EL CENSOR*)  
FERNAN (*EL CENSOR*) → JAPARE DE HALO (4 ALTAZO?)  
G.A. FIDEL (*EL CENSOR*)  
J. OLMES (*EL ECO DE LAS MARIÑAS*)  
JOSE MARIA RUANOVA (*ORVALLEIRAS*)  
JUAN DE BETANZOS (*LA MAÑANA*)  
JUAN DE LAS MARIÑAS (*LA MAÑANA*)

JUAN DEL PUEBLO (*LA MAÑANA*)  
JUVIANCO (*EL ECO DE LAS MARIÑAS*)  
KEKO (*EL ECO DE LAS MARIÑAS, LA VOZ DE GALICIA*)  
LAFONTÉ (*BETANZOS LABORAL e outros*)  
LUCORDIA (*REXURDIMENTO*)  
MALA RACHA (*YA SOMOS TRES*)  
MALVAR (*EL ECO DE LAS MARIÑAS*)  
MELOTOBAR (*EL CENSOR - EL PUEBLO*)  
MENDO ABELARES (*EL ECO DE LAS MARIÑAS*)  
METEORO (*BETANZOS*)  
ORZANITO (*EL ECO DE LAS MARIÑAS*)  
OUTEIRO (*LA SEMANA BRIGANTINA*)  
P.T. NERA (*LAS MARIÑAS*)  
PATRICIO GAMARRA (*YA SOMOS TRES*)  
PE DE POTE (*EL MENDO - EL VALDONCEL*)  
PEDRO DE MERILLE (*LA DEFENSA*)  
PETRARCA (*NUEVA ERA*)  
PIRÁMIDE, CIUDADANO PACÍFICO (*EL BRIGANTINO*)  
POPULUS (*EL ECO DE LAS MARIÑAS*)  
PROMESA (*EL ECO DE LAS MARIÑAS*)  
RINMALLAVI (*DESTELLOS JUVENILES*)  
SAULO (*EL ECO DE LAS MARIÑAS*)  
SELAV (*DESTELLOS JUVENILES*)

SILVANO DE LEONISA (*NUEVA ERA*)  
SIULA (*EL ECO DE LAS MARIÑAS*)  
TANCREDO (*LA ASPIRACION*)  
TERMÓMETRO (*EL ECO DE LAS MARIÑAS*)  
TRISTÁN PENANEGRA (*LA DEFENSA*)  
UN DEPORTISTA (*REXURDIMENTO*)  
V. NENO (*EL PUEBLO*)  
VERDADES (*LA ASPIRACION*)  
VILACHA (*LA ASPIRACION*)  
VIPERINO (*EL ECO DE LAS MARIÑAS*)  
WATSO DE LECHE (*EL ECO DE LAS MARIÑAS*)  
1450 (*EL ECO DE LAS MARIÑAS*) As súas iniciais son  
M.I.D.

## PERSONAXES CELEBRES

**ALCAPONE:** Célebre “gangster” americano.

**ANGELILLO:** Célebre cantante flamenco, que tivo moito éxito nos anos trinta. Traballou en varias películas, a máis coñecida “*El negro que tenía el alma blanca*”. Tivo que exilarse ó acabar a Guerra Civil.

**ANTICRISTO:** Personaxe citado por San Xoan no Apocalipsis.

**ARQUIMEDES:** Sabio grego.

**ATILA:** Rei dos Hunos.

**BARBERO DE SEVILLA:** Comedia de Beaumarchais.

*Calimero*

**BELORCIO:** Personaxe do cine mudo da época de Charlot, Tomasín, Harold Lloyd, etc.

**BERLUSCONI:** Italiano célebre polos seus negocios.

**BETTE DAVIS:** Actriz cinematográfica norteamericana.

**CAMINO, PACO:** Torero español.

**CANALEJAS:** Político nado en Ferrol: José Canalejas y Méndez, foi Ministro en varias ocasións e en distintos Ministerios.

**CANTINFLAS:** Mario Moreno, actor cómico mexicano.

**CAUDILLO:** Francisco Franco.

**CHAMACO:** Torero *(mexicano)*.

**CHIQUILIN:** Personaxe de publicacións infantís.

**CHISPITA:** Personaxe infantil do cine mudo. Había un neno polos anos trinta que pretendía imitalo nas súas aventuras, a quen lle quedou o alcume.

**CHUCHO EL ROTO:** Película mexicana baseada na vida dun bandido que o foi forzado polas circunstancias.

**CHURRUCHAO:** De Fernán Pérez Churruchao, nobre galego que asasinou en Santiago o 29 de xunio de 1366 ó Arcebispo Suero Gómez de Toledo e ó Deán Pedro Alvarez. En Betanzos dicíase que, unha vez xulgado e perdoada a vida, foi condenado ó desterro e preguntado que onde quería exiliarse, dixo que en Armenia. Os xuices entenderon Armea e, que polo tanto, alí viviu ata morrer, nunha choupana que hai poucos anos ainda existía á beira do río Mendo, preto dos Caneiros, que a xente coñecía como a "CHOZA DE CHURRUCHAO". Có tempo este alcume foi abreviado e quedou reducido a CHAO.

*MENDO*



*"O Churrachao"*



**DEMO:** Satanás, Belcebú, Anxo Caido.

**DIEGO MONTES:** Bandido xeneroso. A vida del deu argumento a varias novelas, cancións e películas. A vida do betanceiro que levou este alcume tamén podía ser novelada. Por citar unha das súas anécdotas diremos que, nunha ocasión andaba tras del a Garda Civil e pillárono no medio da ponte chamada Vella, indo cara a él unha parella de gardas por cada lado. O chegar onda el botáronlle a man ós ombreiros e quedáronse coa chaqueta, que levaba sen poñe-las mangas, ceibándose ó rio dende a ponte embaixo e fuxindo deles.

**DIOS:** Castelanismo por Deus.

**FAMILIA TRAPP:** Protagonista dun filme famoso dos anos 60.

**FARINA:** Famoso Volantista en carreiras de automóviles. Quen levaba este alcume foi criado de neno onda os coches de aluguer, axudándolle ós choferes a arranzar as pinchadas das rodas.

**FELIPE EL HERMOSO:** Alcume sarcástico, porque, a decir verdade, bonito, o que se dí moi bonito, no é.

**FOUCELLAS:** Figura na sección de TOPONIMOS. Benigno Andrade García, coñecido por Foucellas por nacer nese lugar, parroquia de Cabrui, concello de Curtis, foi o fuxido más famoso de Galicia, despois da Guerra Civil. Costa Clavell dixo del que se actuara na Guerra da Independencia, contra os franceses, pasaría á historia coma un heroe, pero loitando nas “gueirras galegas” foi considerado coma un vulgar atracador. Foi pillado nunha cova, tras de loitar coa Garda Civil, no lugar de Costa, parroquia da Regueira, Oza dos Ríos, o 9 de marzo de 1952. Trouxéronno a Betanzos, ferido dun balazo nunha perna, para facerlle as primeiras curas o médico don Anxel Fraga e foi executado na Coruña o 26 de xullo de 1952.

**FRANCO:** Francisco Pérez Ramos, chófer de profesión, en comandita con Francisco Raposo Villanueva, que era mecánico, compraron un automóvil, para adicarse ó transporte, alá polo ano 1926, despois de realizado o voo do PLUS ULTRA, dirixido por Ramón Franco, tripulado por Ruiz de Alda, Durán e, como mecánico, Rada. Xulio Cuns Medín “bautizou” os dous consocios como FRANCO e RADA, alcumes que levaron con orgullo ata a súa morte e que transmitiron ás súas familias respectivas.

**FUMANCHÚ:** Famoso personaxe diabólico chinés, sobre o que se fixeron varias películas.

**GADGET, INSPERTOR:** Personaxe de dibuxos animados.

**GATICA:** Lucho Gatica, famoso cantante chileno. O así chamado imitába moi ben nas súas cancións.

**GÓNGORA:** Luis de Góngora y Argote, gran poeta español.

**GRECO:** Domenikos Theo tocopoulos, famoso pintor nado en Creta, quen viviu e morreu en España.

**GRETA GARBO:** Gran actriz cinematográfica.

**HERODES:** Nome de varios personaxes da mesma familia que gobernarón Israel pola época en que xurdíu o Cristianismo.

**HIRO HITO:** Emperador do Xapón. A persoa que levaba este alcume tiña as faccións orientais, era moi pulcro e usaba gafas de armazón de ouro e cristais redondos.

**KENNEDY:** Presidente que foi dos Estados Unidos. O tal era fillo dun emigrante nese país.

**KING-KONG:** Fantástico gorila que deu argumento para

varias películas.

**LITRI:** Torero español. Certo comerciante forasteiro, establecido en Betanzos, onde botou pouco tempo, chamábanlle así polo ben que “toreaba” ós cobradores dos Bancos.

**LOCKI:** Algo así como o lugartenente de FUMANCHU, de quen xa falamos.

**MACISTE:** Personaxe cinematográfico que representaba un home moi forte. Foi interpretado nunha ocasión por Andrés Balsa, galego, de Mugardos que, á sazón, era campeón do mundo de loita libre americana.

**MACHIN:** Famoso cantante de boleros, nado en Cuba, que tivo moito éxito en España.

**MACHIN BLANCO:** Cantante galego que imitaba a MACHIN.

**MADARIAGA:** Escritor e político, nado na Coruña.

**MAGALLANES:** Navegante portugués ó servicio da Coroa de España.

**MANJÓN:** Pedagogo e sacerdote español.

**MANOLIÑO MERA:** Méndigo que frecuentaba Betanzos. Véxase MERA, na sección de TOPONIMOS.

**MARILYN:** Marilyn Monroe, actriz cinematográfica norteamericana. Houbo unha época en que para dicir que una rapaza era guapa chamábaselle MARILYN.

**MARQUES DE CUEVAS:** Jorge de Piedrablanca de Guana, marqués de Cuevas, Director do Ballet chileno, de onde era natural. No ano 1944 fundou en New York o Ballet International e no 1946 encargouse da dirección dos *Nouveaux Ballets de Montecarlo* que tomaron o nome de *International Ballet of the Mar-*

*quis de Cuevas.* Quen leva tal alcume é fachendoso e espectral.

**MICHELIN:** Apelido dunha familia de industriais franceses que idearon o neumático desmontable para bicicletas. Esta xente montou fábrica de neumáticos con ese nome como marca. Na propaganda figura un rapaz có corpo feito con rodas de coches, que forman unha figura moi grossa. Por iso se lles chama “michelíns” ós moi grosos ou a certas gorduras do corpo.

**MOLINA:** Antonio Molina, famoso cantante flamencado e actor de cine. Levaron este alcume varios afeizoados a interpretar ese tipo de cancións.

**MONJA ALFEREZ, IA:** Personaxe real: Catalina de Erauso. Fuxiu ós 16 anos do convento, vestida de rapaz e marchou de polizón a América, intervindo en guerras, sen que se decataran que era muller e acadando o grao de alférez. Facíase chamar Alfonso de Gúzman.

**MORGAN:** Apelido dunha familia de banqueiros norteamericanos. Chámaselles así ós que teñen moita fachenda.

**MORO MUZA:** Personaxe imaxinario. Dise dos que son moi mouros. Véxase PEREVE no apartado SEN CLASIFICAR.

**MUSSOLINI:** Dictador italiano. O alcumado así tiña con el un parecido físico grande.

**NAPOLEÓN:** Emperador francés.

**NERÓN:** Emperador romano.

**ONASSIS:** Propietario dunha das máis grandes frotas privadas do mundo.

**PADILLA:** Un dos comuneros de Castela.

**PAPÁ DEL CIELO:** Home moi relixioso, que foi presidente

de Cáritas.

**PARARÁ:** Célebre fuxido, a quen tiveron que fusilar os seus compañeiros. — *PEDRO EL CRUEL*

**PERÓN:** Presidente que foi da República Arxentina e inventor do “peronismo”.

**PERRY MASON:** Certo personaxe protagonista de telefilmes, que representaba a un avogado e detective, que sempre descubría ó culpable.

**PETIOT:** Famoso médico francés que enamoraba ás mulleres para despois asasinalas.

**PIBELA:** Famoso fotógrafo ambulante coruñés, quen polo antroido formaba comparsas para as que inventaba unhas “historias” moi graciosas e intercionadas, criticando satíricamente os sucedidos do ano. O Pibela betanceiro era un neno que, por unhas moedas, figuraba que che facía unha fotografía, usando como máquina calquera trebello que tivera na man.

**PICHI:** Así chamada porque en certa ocasión representou no teatro un número da revista musical “*Las Leandras*”, titulado Pichi. Este personaxe, sempre interpretado por unha muller, representaba a un adolescente vestido cun mono ou buzo de certo tipo que, desde entón, se chamou “pichi”. Hai un a que tamén chaman PICHI como abreviación do seu verdadeiro alcume que é PICHICADA.

**PIPO:** Personaxe de revista cómica infantil.

**PITILLO:** Padre Pitillo. Personaxe cinematográfico.

**QUASIMODO:** Personaxe dunha novela de Victor Hugo.

**RADA:** Francisco Raposo Villanueva. A orixe deste alcume se explica nesta mesma sección. Véxase FRANCO.

**ROMANONES:** Vixante de bebidas apelidado Neira. Pa-

rece que a única razón para o alcume era o ser coxo, como tamén era don Alvaro de Figueroa, Conde de Romanones.

**SANDOCAS:** Deformación de SANDOKAN, personaxe dunha novela de Emilio Salgari.

**SANTA ANA:** Antonio López de Santa Ana, famoso político e militar mexicano.

**SATANÁS, -SA:** O demo.

**SHIRLEY TEMPLE:** Actriz cinematográfica norteamericana, famosa mentres foi nena.

**SOTUELA:** Célebre cantante de zarzuela.

**SUPERMAN:** Fantástico personaxe de revistas infantís.

**TARZAN DAS MALETAS:** Adicábase a carrexar malas. De corpo miúdo, todo o contrario de Tarzán.

**TEJERO:** Tenente Coronel da Garda Civil que o 23 de febreiro de 1981 entrou no Congreso dos Diputados, tentando facerse có poder.

**TOMASÍN:** Xa citado no apartado FAMILIARES E DIMINUTIVOS.

**TRIBULETE:** “Reportero Tribulete”, personaxe de revistas infantís.

**TRIQUI, DON:** Igual que o anterior.

**TRUJILLO:** Dictador dominicano.

**TRUMAN:** Presidente que foi dos EE.UU.

**TYRONE:** Tyrone Power. Famoso actor norteamericano, que desempeñou sempre papeis de galán.

**VEDRINES:** Jules Védrines, aviador francés. Gañou varios records de velocidade. Tomou parte moi activa na Primeira

Guerra Mundial. Non sabemos se a persoa que levaba este alcume era por mor da aeronáutica ou se verdadeiramente era VIDRINES ou BIDRINES, que teñen distintos significados e que figuran noutras seccións.

**WAMBA:** Rei Godo, se este alcume é con W., se é con B., xa se explica noutra sección.

**XUDIO FABAS:** Chámaselles a algunas persoas mal encaradas.

## POLITICOS

**AGRARIO:** Quen levaba este alcume era simpatizante do partido Agrario, existente na segunda República, inda que non estaba afiliado.

**BALILLA:** Nos primeiros tempos da Guerra Civil española, na zona chamada “Nacional”, creáronse unhas unidades xuveniles da organización falanxista, que se denominaron Balillas, a imitación das que había en Italia. Logo chamáronse FLECHAS. Un dos que integraban estas unidades sigue levando Balilla como alcume.

**CARLISTA:** Partidario dos dereitos que D. Carlos María Isidro de Borbón e os seus descendentes alegaban á coroa de España. Poida que algún devanceiro desta xente tomara partido por estas ideas.

**C.N.T.: CEENETÉ** chamábaselle na segunda República a un home que pregoaba e vendía o xornal que levaba ese título e que era órgao da Confederación Nacional do Traballo.

**KENT, VICTORIA:** Política e penalista española que foi Directora Xeral de Prisións na segunda República.

**KHRUSHCHEV:** Político ruso que foi xefe do goberno.

**LARGO CABALLERO:** Francisco Largo Caballero era un político español, membro do partido socialista. Pero este alcume non ten nada que ver con ese home, máis que para facer un xogo de palabras. Polos anos trinta un señor da zona de Pontedeume colleu moza en Betanzos, no barrio da Ponte Vella, coa que casou. Este señor era moi alto e delgado, ou sexa longo Largo; vestía traxe azul mariño, sombreiro negro e, no inverno, abrigo moi escuro, ou sexa coma un cabaleiro Caballero. Polo tanto daba a impresión dun Cabaleiro Longo, en castelán: Largo Caballero.

**POLÍTICO:** Sabemos que político é aquel que se adica á política, pero en sentido figurado quere dicir, entre outras cousas, hábil, astuto, aquel que pensa que sabe máis que os outros. Pode ir por aí o significado.

## DEPORTISTAS

**ALBERTY:** Futbolista de nacionalidade húngara. Xogou de porteiro no Racing de Ferrol e no Celta de Vigo.

**BASORA:** Futbolista.

**BLENZOBAS:** Futbolista.

**BIOSCA:** Futbolista.

**CARRETERO:** Vicente Carretero, ciclista.

**CEPEDA:** Salvador Cepeda, ciclista.

**COPPI:** Fausto Coppi, famoso ciclista italiano.

**CHANETAS:** Era o alcume do Xoan Acuña, porteiro do Deportivo da Coruña. Quen levaba tal alcume en Betanzos foi porteiro do equipo xuvenil chamado *Picardel*. Morreu sendo moi novo.



*"Largo Caballero". Debuxado segundo referencias.*



**CHIRRI:** Famoso futbolista vasco que xogaba no mesmo posto que o seu homónimo betanceiro.

**GAINZA:** Futbolista.

**GARAY:** Futbolista.

**GELABERT:** Ciclista.

**KUBALA:** Futbolista húngaro.

**LILO:** Porteiro do Celta de Vigo. O betanceiro que levaba ese alcume tamén xogaba de porteiro.

**MARTÍN:** Futbolista.

**MARZÁ:** Futbolista.

**PACHECO:** Futbolista.

**PADRÓN:** Porteiro de fútbol que foi adestrador do Brigantium C. F.

**PAHIÑO:** Dianteiro centro do Celta, Madrid e Deportivo.

**PANIZO:** Futbolista.

**PAQUIRRI:** Futbolista.

**PELÉ:** Futbolista brasileiro.

**PIRRI:** Futbolista.

**QUINCOCES:** Famoso defensa.

**SAMITIER:** Famoso xogador de fútbol, chamado “El Mago del Balón”.

*TALTAVILL*

## OFICIOS - PROFESIONES - CARGOS

**ALBARDEIRO:** Fabricante ou vendedor de albardas.

**ALCABALEIRO:** O que cobraba os impostos de consumos nas portas da cidade.

**ALCABELEIRO:** O que cobraba os impostos de consumos nas portas da cidade.

**ALCALDE:** Os que o foron, despois de deixá-lo cargo, ségueselles chamando, e mesmo se di: a muller do Alcalde, os fillos do Alcalde...

**AMBULANTA:** Aparece nolibro de Isabel Ríos: *Testimonio de la Guerra Civil*, Edicións do Castro, maio 1986.

**APAGA FAROLES:** O encargado de acender e apagar as luces da cidade.

**AREA, DA:** O que se adica ó negocio de pillar area nas praias ou no río e vendela. Os que traballan neste choio.

**BANASTREIRO:** Persoa que fai ou vende banastras.

**BANDERILLERO**

**BAR, DO**

**BARAXEIRO:** En Betanzos dise BARAXA por BARALLA, de xeito que pode ser afeizado a xogar á “Baraxa”. O verdadeiro significado de Baralleiro é aquel que fala moito e con pouco tino ou xuizo.

**BARBEIRO, -RA**

**BARQUILLERO, -RA**

## **BARRENDEIRA**

**BARRO, DO:** Quen facía ou vendía obxetos de barro ou arxila.

## **BECERREIRO**

**BOCA DE CAÑÓN:** Ferreiro que vivía no século XIX. Devoto de Santa Lucía disparaba as salvas no día da Santa, cun cañón fabricado por el mesmo.

**BOLICHERO, RA:** Fabricaban e vendían gaseosas ou boliches.

**BOTES, DOS:** Derivado de bote ou embarcación.

**BOTICA, DA:** Traballaba nunha farmacia.

**BRIGADA, DO:** Viuva e fillos dun que fora brigada da Garda Civil.

**BRIGADA, O:** Chamado tamén Manolo da Cantina, non ten nada que ver con esa graduación militar.

**CABO, DO:** Había unha Maruja do Cabo, que era filla dun Cabo ou Capataz de Legoeiros.

## **CABO DE BARRENDEIROS, DO**

## **CAFÉ, DO**

**CAIXA, O:** Tocaba este instrumento na banda municipal

## **CALDERTERO, -RA**

## **CALDEIREIRO, -RA**

## **CAMPANILLERO**

**CANTEIRO, -RA:** Neste caso Canteira é feminino forzado de Canteiro, posto que CANTEIRA é lugar de onde se saca pedra.

CANTINA, DA: Tivo a cantina da Estación de Abaixo, de Betanzos.

CAPADOR, -RA

CARABINERO, -RA

CARAMELERO

CARBÓN, DO

CARCELEIRO, -RA

CARDADOR, -RA

CARDENAL, DE

CARRETA PALIOS: Era destes que axudan moito na igrexa.

CARRETERO, O

CARTEIRA: Muller que bota as cartas para adiviña-lo porvir.

CARTEIRO: Empregado de Correos que reparte as cartas.

CASCARILLEIRO: Que vende cascarilla.

CAZOLEIRO, -RA: Oleiro que fai ou vende cazolas. Chámase tamén ó home que anda ollando as cousas da cociña.

CEREIRO, -RA

CESTEIRO

COMADRONA, DA

CONSERJE, DO

CONTRATISTA, O: Chamóuselle así ó contratista das obras da traída de augas de Betanzos, tamén chamado O PORTUGUES, porque o era.

**COPETEIRO, -RA:** O que facía copetas.

**CORNETA:** O que toca este instrumento.

**CORTADOR:** En Betanzos chámassellos así ós carniceiros

**CRISTALERO**

**UCHILLEIRO:** Castrapo: COITELERO.

**CUERDA, I.A:** Moncho la Cuerda: Vendía cordas e adivais polas feiras.

**CULLEREIRO:** O que fai ou vende culleres.

**CURA, DO**

**CHACHA, DA**

**CHAPAS:** Devidado da profesión de chapista.

**CHAPURRO:** En Betanzos chámassellos así ós Gardas municipais.

**CHAPUZAS:** O que fai calquera traballo.

**CHATARRERO**

**CHAUFER, -RA:** Cando escomenzou a profesión de conductor de automóbiles chamábaselles coma en francés “chaufeur”.

**CHOCOLATEIRO, -RA**

**CHUPAPERRAS:** Tiña un estalbecemento e equivocábbase ó dar as voltas na moeda miuda.

**CHURRERO, -RA**

**DETECTIVE:** Chamabanlle así a un garda municipal que presumía de listo.

**DOMADOR:** Coidaba a un rapaz subnormal, que era unha auténtica fera.

**DROGUERO**

**DULCEIRO:** Castrapo: DOCEIRO.

**EMULANTA:** Vulgarismo por AMBULANTA.

**ENTERRAMORTOS:** A denominación tan precisa desta profesión parece que dera a entender que tamén hai ENTRERRAVIVOS.

**ESPÍA:** Certa muller que sempre estaba a ollar pola fiestra, tras das cortinas.

**ESTANCO, DO**

**ESTANQUEIRA**

**FABRICANTA:** O marido era encargado dunha fábrica de coiros.

**FARIÑEIRA:** Comerciante de fariñas.

**FAROLEIRO:** O que está ó coidado dos farois.

**FERRADOR, -RA**

**FERREIRO:** Para un dos que levaba este alcume véxase PEREVÉ, na sección SEN CLASIFICAR.

**FERRENCHÍN, -NA**

**FIANDEIRO, -RA:** O que fiaba lá, liño, etc.

**FINISTERRE:** Era cobrador dunha compañía aseguradora de decesos así titulada.

**FOGUETEIRO**

**FONDA, DA**

**FONDA DA ESTACIÓN, DA**

**FORENSE, DO**

**FORESTAL:** Garda Forestal.

FORNEIRO, -RA

FORNO, DO

FRADA: Feminino forzado de fraude.

FRUTEIRA

FUNIL, DO: Vulgarismo por ALFONNIL: Armacén de sal.  
Tiñan un na rúa da Ribeira.

GAITAS, O: Un que toca a gaita.

GAITEIRO

GALIÑEIRA, DA

GANADERO, DO: Castelanismo por GANDEIRO.

GASOLINAS: Traballaba nunha gasolineira.

GORRISTA

GUARDA MONTES

GUARDA RIOS

HELADERO, -RA

HISTORIERO: Cantaba e vendía “historias” polas feiras.  
En Betanzos chámasselos “historias” tanto as cancións que certas xentes cantan polas feiras, sexan populares ou relatos de crimes e sucesos, coma ós folletos nos que están escritas e que venden a quen merque.

JABONERO

JARDINERO

JARDINES

LADRILLERO

LAGÜEIRA: Deformación feminina de LEGOEIRO.

**LATONEIRO:** Castrapo por LATOEIRO.

**LEJIERO**

**LIMA:** Apócope de LIMADOR.

**LIMADOR**

**LINTERNEIRO:** Chámaselle en Betanzos ó FONTANEIRO.

**LUZ, DA:** Chamábaselle a tódolos electricistas.

**MACHACANTE, -TA:** En castelán: asistente dos suboficiais no exército.

**MAESTRILLO**

**MANGA MACHETAS**

**MARINERO**

**MARIÑEIRO**

**MARMOLISTA**

**MARQUESIÑO, O**

**MELEIRO, -RA**

**MERCA NAS PIÑAS:** Así pregoaban os que vendían piñas. Este alcume o tivo certo pároco de Santiago de Betanzos e parece que llo chamaban porque tiña un físico semellante a moitos dos que viñan vende-las piñas.

**MESÓN, DO**

**MINGACHEIRO, -RA:** Que pesca con certa arte chamada "mingacho".

**MINERO**

**MINISTRO**

**MOCHILERA:** Quen anda cunha mochila. Houbo un can-

tar que dicía: “*Ursula ten duas cabras / Mochilera que che importa / E despois vue a Crebada / iAfora da miña portai.*

MOLINERA, A

MONXA, DA

MONXE, O

**MUIÑEIRO, -RA:** Sempre tiveron moi mala fama os muiñeiro, de aí o dito: “*Cambiarás de muiñeiro pero non cambiarás de ladrón*”. Esto debe vir de que os muiñeiro non cobraban cartos por moer, xa que sacaban a maquía: parte do gran que se levaba ou da fariña resultante da moedura, resultante de unha antiga medida de capacidade, da que só dispoñían os muiñeiro e, que polo cal, non podían controlar os clientes.

**MÚSICO MAYOR, DO:** Así chaman no exército ó Director da Banda de Música. En Betanzos sempre se lle chamou así ó Director da Banda de Música municipal, cando a había.

**NICHEIRO:** En Betanzos son nicheiros os que fan ataúdes ou cadaleitos.

**PACHÁ:** Persoa que vive moi ben.

PALLASO

PAPELEIRO, -RA

**PARAGÜERO, -RA:** Véxase MONCHO O PARAGUERO na sección de FAMILIARES E DIMINUTIVOS.

**PARTIDOR:** Chamábaselle a aquel que partía a leña para usos domésticos.

**PASO, DO:** Fillos dunha gardabarreira.

PAXEIRO, -RA

**PEINEIRO:** Castrapo por PEITEIRO ou PENTEIRO. O que fabrica ou vende peites.

*Petit chow*

PELUQUERA, A ou DA

PELUQUERO: Véxase PEREVÉ na sección SEN CLASIFICAR.

PENDIENTEIRO

PENEIREIRO

PERITO, DO

PILOTO

PINCHE

PINTOR

PIÑAS, DAS

PITIXÚ, MISS: Era filla dun doceiro. Pequena de corpo. Chamábanlle así por analogía ou derivación de certo confite chamado PITIXÚ, que tamén era pequeno.

PLATILLERO: Tocaba os platillos na banda municipal.

PORTEIRO, DO

PRINCESITAS

PULIDOS

QUEIMA PROIAS: Familia de panadeiros.

REQUINTO: Tocaba tal instrumento.

RETRATISTA

REVENDIBLE

ROSQUILLEIRO, -RA

SALADO, DO: Vendía carne salada.

SELLEIRO

SERENO, DO: Garda municipal.

SERRADOR, -RA

TAHONA, DA: Tiñán un posto de venda de pan.

TAMBORILLEIRO: Tocaba o tamboril, acompañando as Danzas de “Mariñeiros” e “Labradores”.

TINTORERO

TORADAS, O: Mercaba madeira.

TORERO

TORREIRO

TORTILLEIRO, -RA

TRAPEIRO

TREN, DO: Ferroviario.

TROMBONES: Tocaba o trombón.

TURITO: Segundo un folleto titulado “*Estampas Betanceiras*”, da autoría de D. Francisco Vales Villamarín: “*Chamábase así o muñidor da confraría da Concepción, quen, acompañado de dous músicos - pífanos e tambor-, convocabá ós membros da mesma para a súa asistencia ás solemidades que en honra da padroeira veñen celebrándose os días 7 e 8 de decembro no templo conventual de San Francisco.*” O título completo desta confrería era : “*CABALLEROS CONCEPCIONISTAS Y DE LA SANTA VERA CRUZ*”.

VEDOR, DO: Familiares do vedor do Axuntamento.

VEDORAS, AS.

VEIGUEIRO: Deformación de VERGUEIRO, que é como se lle chama en Betanzos ó que fai ou compón cestos con vergas.

VERDUGO: Decíase que o fora nalgún tempo.

VIAJANTA: Muller que quedou viuva dun viaxante e se-

gueu coas representacións que el tiña.

**VINAGRERO:** A primeiros da década dos 40 había no Asilo García Hermanos un señor moi simpático, natural da provincia de Toledo, que se fixo asíduo cliente de certo bar betanceiro, formando parte dunha tertulia na que os demáis integrantes eran de Betanzos. Un día en que o noso home estaba algo despiñado, un dos contertulios, imitando acento castelán e voz de pregoeiro, recitou: “*El vinagrero, que se le alargó la vida y se le acabó el dinero.*” O home encarouse có que acababa de falar e díolle:

-Y a usted ¿quien le contó eso?

O conto aclarouse e foi do xeito seguinte: O tal señor fora moi rico; estaba solteiro: non tiña fillos coñecidos e a familia foille morrendo pouco a pouco. Un bo día decidiu gastar todo o capital antes de morrer. Calculou que duraría tantos anos e que o que tiña valía tantos cartos; fixo unha conta de dividir e tocaba a tanto por ano. Desa maneira foi gastando e chegou o día en que acabou con todo o diñeiro e el seguía a vivir. Tivo que adicarse a vender vinagre por toda a provincia de Toledo, pregoando: “*El vinagrero, que se le alargó la vida y se le acabó el dinero.*”.

Ia moito por Mora de Toledo, onde era popular. Un carabineiro destinado en Betanzos, casou cunha rapaza dese pobo e cando ela veu a vivir a Betanzos, coñeceu ó VINAGRERO, contándolle a historia ó contertulio do señor, que despois lle gastou a broma.

**XABRONEIRO, -RA**

**XASTRA**

**XASTRE DE CELA:** Nado do lugar de Cela, parroquia de Mántaras, concello de Irixoa.

**XUEZA:** Feminino deformado de Xuiz.

**ZAPATEIRO**

**ZOQUEIRO**

## VIRTUDES, DEFECTOS E OUTRAS PARTICULARIDADES

ALEGRE

ANDANTA: Feminino forzado de ANDANTE.

ANDARIN: En Betanzos quen anda moito.

ANDAVÍA: Lixeiro, áxil, listo.

ARRABEADO

ATÓMICO, O

ATREVIDAS, AS

BABECA: Necia, parva, idiota.

BADÚAS: Quen fala sen tino e con alboroto.

BAILA NA CRIBA: Inconstante, variable.

BAMBA: Feminino forzado de BAMBO: que se dí do que non está tenso, estirado.

BARALLOCAS: Dise da persoa informal e moi faladora // Tamén se di do que vai por onde o levan.

BARRILETE: Chámaselle ós nenos gordos e barrigudos.

BARULLEIRO, -RA

BARULLO, -LLA

BERRINCHE

BICO TORTO

BIGOTES, O

**BÓ, O:** O primeiro que se coñece na historia con este alcume é Fernán Pérez de Andrade, “*O bo*”.

**BOCAS:** Un deles vivía no Peirao e dispuxo no testamento que ó seu enterro acudiría a Banda Municipal de Música, como así foi, segundo nova aparecida no xornal “*El Diario de Galicia*”, de 18 de febreiro de 1894.

**BOCHA, CHO**

**BON**

**BON RAPAZ**

**BORRALLA, -I.O**

**BORREANTE:** Quen fai alarde do que non é. Cantiga que ven ó caso: “*Sempre te andas alabando / que teu pai eche moi rico / A riqueza de teu pai / lévacha o corvo no pico.*”

**BRAVO, -VA**

**BUSCAVIDA:** Persoa moi diligente e activa. Quen leva este alcume era un veterano da guerra de Africa no ano 1860. Tiña afeizón a tocar a frauta e a contar historias da guerra na que el estivo. Vivía da caridade e morreu no ano 1892.

**CABECITAS**

**CABEZUDO**

**CACHENO:** Cacharulo, que tan nádegas grosas // Incompleto, que lle falta o que debe ter.

**CACHITAS**

**CACHOLAS**

**CAFÚ:** Masculino forzado de CAFÚA: Xente despreciable.

**CALCIO, DOCTOR:** Certo médico do que dicían -antes de

descubrirense os antibióticos- que recetaba a case tódolos pacientes inxeccións de calcio, cousa que nunca lles facería mal e que podía facerelles ben, pois estabamos nos anos da fame, despois da guerra civil. Tamén se dicía que a nai deste médico, antes que el escomenzara a consulta, sentábase na sala de agardar, vestida coma unha vella da aldea. Conforme ía chegando a xente ela preguntáballe que lle doía, que mal padecía, que síntomas tiña... e ela tamén contaba as súas doenças, tal como acostuma face-la xente mentres agarda ó médico. Cando xa tiña inquirido a toda a clientela, previo un sinal convidado, o fillo abría a porta do despacho e a primeira en pasar era a nai, posto que fora a primeira en chegar. Unha vez dentro contáballe todo ó médico e cando este ía recibindo ós pacientes (nunca mellor dito) nada máis entraren xa lles dicía: "Non me diga nada, a vostede dóelle tal cousa", "Vostede ten tales síntomas". E deste xeito colleu fama de milagreiro.

**CALLITOS:** Persoa que andaba con dificultades por causa da calosidade que tiña nos pes.

#### CAMPANTE

**CANOTA:** En Betanzos: cana seca do mainzo, despois de sacarlle a espiga. Cousa de pouco valor.

**CAÑERO, -RA:** En Betanzos aquel a quen lle gusta a caña (Augardente).

#### CARA BONITA, A DA

#### CARA DE PAU: Inexpresivo.

**CARA JAULA:** Houbo un tempo en que viñan uns comediantes que traballaban en calquera praza ou rúa e a un dos pallasos chamábanlle así.

#### CARA MANCHADA

**CARRANCHO:** Que ten as pernas tortas.

**CARRANCHOLAS:** Que ten as pernas tortas. Houbo un xefe da Garda Municipal así chamado incomprensiblemente pois tiña as pernas e o corpo ben dereitos.

**CARTO DUNTO:** Persoa aforradora.

**CASA, PEPIÑO DE SU**

**CASCARALLUDA:** Pode derivarse de CASCARELLO, persoa de baixa estatura.

**CAZOLEIRO:** Que olla e fisga o que hai nas cazolas //Home que se mete en cousas de mulleres.

**CAZURRO:** Calado, reservado, introvertido.

**CEBEJO:** En Betanzos, curto de vista.

**CEGO, RAMON O**

**CIGALLADA:** Cousa de pouca importancia e escaso valor.

**CINCENTO:** De cor da cinza.

**CLOROFORMO:** Persoa tan pesada falndo que adromece ó interlocutor.

**COCHECHAS:** Inflamación da mucosa ou das glándulas salivares.

**COCHINA**

**COLORADO, -DA**

**COMENENCIAS**

**CONGUI**

**CORNÁN, -NA:** Dise da persoa teimosa, obstinada.

**COTENO, -NA:** Dise de aquelo ó que lle falta unha pequena parte nalgunha das súas puntas ou é máis pequeno do normal.

**COXILITRANCA:** Aquel que coxeá.

**COXO, -XA, DO**

**COXO ALBERTE**

**CREBADA:** Herniada. Véxase MOCHILERA no apartado de OFICIOS - PROFESIONS - CARGOS.

**CRECHO**

**CROCAJUEVOS:** Castrapo.

**CUADRADO:** Persoa ancha o non alta.

**CUCO:** Dise da persoa bonita e graciosa. // Astuto.

**CUCO DE ARMEA:** Non encaixa en nada co que se di no anterior.

**CU DE PAU:** Quen non o move ó andar.

**CU DE PAXETA:** Quen ten as nádegas grosas.

**CULITO DE POLLO**

**CU QUEIMADO**

**CU SIN BRISAGAS:** Movía moito os cadrís que tal parecía que lle facían falta unhas bisagras.

**CUSPÍN:** Derivado de cuspir.

**CUTOLO, MARICA DO:** Movía tanto os cadrís ó andar que daba impresión de que aquello estaba tolo.

**CHACINA:** Muller alta e esguía.

**CHAFARRÁS:** O que fai chafarralladas.

**CHATO**

**CHEIRUME**

**CHENCHO**

*gente*

**CHEPA**

**CHEPIÑA**

**CHINITO:** Dicíanlo polos rasgos achinados.

**CHINO**

**CHIQUILÍN:** Personaxe de revistas infantís. Ata hai unha marca de galletas con ese nome.

**CHIQUITO, O:** Betanceiro célebre citado por Fernando García Acuña en *GAlicia Humorística* (T. II, nº 1, páx 24-25) e en *Las Riberas del Mendo* (nº 59, 16-III-1889).

**CHIRIPA:** Sorte. Había un señor con este alcume que tiña un “organillo” co que facía bailes e festas cando non se podía contratar unha “murga”. Nunha ocasión foron onda el uns mozos co fin de alugar os seus servicios para unha verbena e preguntáronlle, ademais do precio, que pezas de música tiña o instrumento. El respondéu moi serio: *Ten o Pai-Pai, a Chulapona, Baldomera mueve, mueve la Cadera y todos los adelantos de la ciencia organillera.*”

**CHOSCO:** Miope // Torto, estrábico.

**CHULAPONA**

**CHUNO, -NA:** Chono, parvo.

**CHUPA, ARTURO O:** O que anda á “chupa”, agardando que paguen os demás.


**CHUPA PERRAS**

**DERROTADO, O**

**DON USTED:** Alá polo ano 1949 estivo traballando de contable nunha empresa de Betanzos, sustituíndo ó titular que se atopaba enfermo, un home como de trinta anos, alto, forte, elegante, moi educado, ben vestido e que usaba sombreiro,



*"O Cuco" de Armea.*



prenda que xa estaba en desuso, pero debía ser para cubrir a calvicie prematura do home. Era moi afeizado á música, sabía solfeo e cantaba ben, pero somentes zarzuela ou, incluso, ópera, cunha voz tecnicamente educada. Tiña un círculo reducido de amistades, coidando moito non atutar a ninguén. Facíase violento estar día tras día con el, durante horas, alternando por bares e cafés, xente da mesma idade aproximadamente, e sempre có "usted" na boca, posto que falaba decote castelán. Por iso empezou alguén a chamarlle "DON USTED" e quedoulle o alcume.

**DOUS DE BASTOS:** Eran dúas irmás altas e delgadas que andaban sempre xuntas. Efectivamente semellaban o dous de bastos da baralla.

**DOUS IGUALES, OS:** O alcume non viña porque foran iguais físicamente senón por afinidade de caracteres.

**ELÉCTRICO, O:** Ten certos movementos de autómata coma se se movera por electricidade.

**ENGAÑADA:** Muller que pretendía pasar por moi inocente. Tiña unha taberna na Ponte Vella onde se facían bailes ilegalis.

**ENVIDIAS, MARIA A:** Presumida, que cando lle botaban na cara a súa fachenda dicía que non era certo, senón envexa que lle tiñan os demáis.

**ESCANGALLO:** Monstro, persoa, animal ou cousa contrafeita, deforme. Un que coñecimos con tal alcume non tiña esos defectos.

### **ESPESA**

**FAENITAS:** Chamábanlo a certo betanceiro moi presumido en todo-los sentidos e máis ainda en custión de faldras. Era moi elegante e tiña o costume de falar en sentido figurado, utili-

zando eufemismos e usando moitos termos taurinos, de xeito que, ó acto sexual chamáballe unha “faenita”. Quedoulle o nome porque como eran tantas “faenitas” cada día...

**FANECAS:** En Betanzos chámasseló ó amaneirado, afe-minado.

### FARAGULLA

**FAROLEIRO:** Presumido, fachendoso.

**FARRAGÚS:** Persoa pequena, delgada e fea ou ruín.

### FATIGAS

**FEITIÑAS:** Úsase como feituco, feitueiro.

**FEO, MANOLIÑO O:** Era feo de verdade.

**FOZAS:** Que fai as cousas torpemente.

**FUJÍN:** Pode ser un derivado vulgar de FUXIDIO, porque este era listo, áxil, espabilado.

**FUNGALLO:** Persoa que fala polo nariz.

**FURCIO:** Masculino forzado de furcia.

### GAFE

**GALLEIRAS, AS:** Dise das vacas que teñen os cornos para arriba.

**GARULA:** Legume, hortaliza // Fame // Barullo.

**GENEROZO:** Era máis ben todo o contrario do que indica o alcume.

**GERULA -O:** O mesmo que GARULA.

**GIÑA:** Vulgarismo: porquería.

### GITANO SEÑORITO

**GOBERNIÑO, A:** A que manexa ou pretende manexar e

gobernar ós do seu entorno.

**GOLDRA:** Suxidade, porquería, inmundicia.

**GUECHO:** Cantidad de la suficiente para facer unha peza de vestuario // Saquete de coiro // Torcida de pelo // Partes pudentas.

**GUEDELLAS**

**HEDRA, DA:** O así chamado tiña unha variz moi grande no beizo superior.

**HOSPITALEIRA**

**IR Y VENIR:** Inquedo.

**JETAS:** Vulgarismo. Descarado.

**LADRÓN DA ESQUINA, O:** Un que tiña unha tenda nunha esquina e cobraba moito.

**LAMBE PLATOS**

**LANDÁN:** Dise do mozo que non quere traballar.

**LANZONA**

**LAPAMPA:** Pode ser un derivado vulgar de PAMPO, porque non era nada listo.

**LEPA:** En Betanzos chámase así á lepia ou legaña. Con este alcume ven o conto un cantar que oímos a Manuel Orosa Blanco “Cacheiro” e que el di que saíu nunhas “historias” dunha Comparsa do Antroido, hai moitos anos:

*“A Betanzos vino un barco,  
Peña Castillo le llaman.  
Fueron mujeres a verlo  
pero tres eran casadas.  
Por la tarde van a tierra*

*maquinista y capitán,  
las invitaron al cine,  
besos y abrazos se dan.  
El público al ver tal cosa  
les empieza a gritar,  
ellas con cara de risa  
se levantan y se van.*  
*E ó concierto do Taleto  
e más do Pedro o Lepa,  
chegóuselle o Lambeplatos  
tocándolle a pandereta.  
E o Panolio fungaba  
o Randiña tamén  
e a vella generosa  
¡Auxilios que me pilla o tren!'*

**LILÓ, RAMONCIÑO O:** Viña pedir esmola a Betanzos, de cando en cando. O seu divertimento eran os reloxios, principalmente os despertadores que, cando tocaban, facían rir coma un parvo que era. O reloxo chamáballe LILÓ.

#### LIXEIRA

#### LOCO

**LOCO DE AVILÉS:** Nunha ocasión parou nun hotel de Betanzos unha excursión de rapaces dun Colexio e, con eles, viñan varios escolantes. O dono do hotel perguntóulle a un dos mestres que de onde eran, e este respondeulle que de Avilés. O pousadeiro, ó enterarse díxolle que en Betanzos vivía un señor a quien chamaban O LOCO DE AVILÉS. A resposta do outro foi: "Ya lo sé; es mi hermano."

**LUNARITOS:** Pintaba lunares na cara, cousa que estaba moi de moda polos anos trinta.

**MACANAS:** Un dos que levou este alcume estivera moitos

anos na Arxentina e tiña o costume de pronunciar esa palabra con frecuencia.

**MACHITO:** En Betanzos dise “estar no machito” no sentido de quen manda.

### MAMAIÑA

**MAMA PIANO - MAMA TOCA PIANO - MAMITAS:** Son alcumes da mesma persoas.

### MAMÓN, -NA

**MANACHA:** Nariz chato. Anunciaba o seu negocio como “*Barberia del Manacha*”.

### MANCO

**MANFLORITA:** Afeminado.

### MANQUITO

### MANSAS, AS

### MANSO, -SA

### MAÑAS

### MARAVILLAS

**MARCHO MAÑANA:** Había unha canción que puido ser a que dou pe o alcume:

“*En un barco de guerra  
marchó mañana.  
En un barco de guerra  
para La Habana.*”

Esta canción tamén se cantaba sustituíndo “guerra” por “vela”.

### MARECAS

### MARICA DAS PECAS

**MAROLO:** Persona grossa, robusta. // Pailán, bruto.

**MARQUÉS:** Chámaselle en Betanzos ó que lle falta un oollo.

**MARULÁN:** Labrador ou persoa máis rica dun lugar. // Forte, ben mantido.

**MATUTERA:** Persoa que pasa cousas de matute.

**MIGA:** Por ser pequeno.

**MIGUI:** Era baixo de estatura. Empezaron chamándolle Faragulla, despois Miga, máis tarde Miguíña e acabou en Miguí.

**MILHOMES:** Dise dun home pequeno e fanfarrón.

**MIRACIELOS:** Virollo.

**MIRAME Y NO ME TOQUES**

**MISS VIOLETA:** Marica.

**MOCO**

**MODERNO**

**MONTAÑÉS**

**MORENAS, AS**

**MORENO, O**

**MOURO, O**

**MUDO:** Houbo un que vivía na Cruz Verde a remates do século XIX, de quen dicía o xornalista El Bachiller Hungarelo: Nuevo profeta profano de los tiempos modernos, que vaticinaba el porvenir y se dedicaba a la ciencia de Hipócrates.

**MUSA**

**NARETO:** Que ten moito nariz.

NARIS DE PEMENTO

NARIZÁN

**NEGRAPENA:** Aparece na publicación betanceira “*LA ASPIRACION*”.

**NEGRÓN:** Hematoma.

**NIÑO DE ORO, O:** Home que se fixo moi rico na Arxentina e logo foi un grande benefactor de Betanzos.

**NON ME IMPORTA:** Ten un tic nervoso que lle obriga a erguer os ombreiros indicando iso.

**OJI:** Abreviación de OJITOS. Tiña os ollos moi grandes e, moitas veces, desorbitados.

**OLLICOS:** Castrapo. Eran dous irmáns que tiñan os ollos pequeníños e moi simpáticos. O seu anecdotario enchería un libro.

**OLLO ESGAZADO, O:** Ten un defecto nun ollo que lle fai parecer iso.

OREJAS

**PACHANO:** Home corpulento.

**PADRE BALDES:** Certo crego moi gordo que dicían xantaba baldes de comida.

**PALLETAS:** Aquel que fala moito e con necidade. // En Betanzos aplícase ós rapaces altos e delgados.

**PANDOIRA:** Dise despectivamente da persoa ou animal pandos.

**PANOLIO:** Véxase o cantar que vai en LEPA.

**PAPALINAS:** En Betanzos PAPALINA é borracheira e PAPALINAS o que se emborracha moitas veces.

**PAPÁN, -NA:** Que come moito.

**PAPANTA**

**PAPELIÑOS:** Cando viña á vila traía sempre unha carteira desas que usan os executivos para levar os documentos e papeis.

**PAPÓN:** Que come moito.

**PARRANDA:** Aparece nunha relación da Contribución de Utensilios dos anos 1824 e 1825.

**PARRANDAS, O**

**PARRANDERO, O**

**PATALIXEIRA:** Este alcume tamén se dicía PATALIXEIRO e PATAREXEIRO.

**PATATOLA:** Era coxo. Tiña unha perna descontrolada.

**PATELO:** Aplanado, achaparrado.

**PATETE:** Pateta dise dunha persoa tola ou parva.

**PATITA:** Coxo que tiña unha perna moito máis pequena que a outra.

**PATITA DE ORO**

**PATRIMONIO**

**PATUSO, -SA**

**PEILANA:** Rústica, inculta, brosma.

**PELO RICO, PELA RICA**

**PELUDO**

**PERILLANA:** Pícara, astuta.

**PERNA CURTA:** Véxase PEREVE na sección SEN CLASIFICAR.



Tolín "O Ollicos".

**PERRITILLA:** Dise de quen toma moita caña.

**PESCA PAXAROS**

**PIES:** Era barbeiro e tiña os pes moi grandes.

**PIFARONA:** De pifar: beber.

**PINCHO:** En Betanzos aplícase ó que é guapo, bon mozo.

**PIPIOLO:** Simple, inexperto.

**PIRATA**

**PISA FLORES**

**PISA GÜEVOS**

**PISTO, -TA:** O que se da pisto, que presume de algo.

**PITILLO:** De pouco valor: Non val un pitillo.

**PITÍS:** Os que se chaman Luis, para enrabecharlos cantáballes: “*Luis Pitís, come la caca de la narís*”.

**PITISO:** Variante de PETISO. Véxase GABINA no apartado de apelidos.

**PALNCHADO:** Chamábanlo a un que era moi coidadoso no vestir.

**POCARROPA:** Hai un cantar popular: “*Chamáchesme pouca roupa / si tes moita teu provento / Teño menos que sacare / á noite, cando me deito.*”

**POLLOSO, -SA**

**POSTINERO**

**POTE:** Que se da pote, que se da importancia.

**PREA, PEPE I.A**

**PREÑADO:** Barrigudo.

**PRESO, DO:** Pode vir da masculinización do apelido PRESA.

**PUERTA A PUERTA:** Chámanlo a un que ten un coche que sempre se atopa á porta... dunha taberna.

**PULGA SONORA:** Aplícase a quen é de corpo miudo e que fala e berra moito.

**QUEIMADAS, AS**

**QUENTE, MARIA A**

**RABO DE MELÓN**

**RADIO CAÑOTA**

**RACHADO**

**RANCHА**

**RANDA**

**RANDIÑA:** Véxase o cantar en LEPA, neste mesmo apartado.

**RAÑADO:** Dise da persoa coa face chea de coviñas ou sinais, naturais ou resultado da variola.

**RAÑITA**

**RATAMBUFA**

**RECHO:** Teso, forte / Rexo, rufo.

**RESALADO**

**REVIRACIELOS:** Chamábanlo a un gaiteiro que era virollo.

**RICITOS**

**RICO**

**RIFÓN:** Cabalo pequeno.

RI-RI: Ría moitas veces sen xeito.

RISUEÑO

ROMPE BILLAS

ROÑÓN

ROUCO

ROXO

RUBIA

RUBIA PELIGROSA: Derivado do título de certa película.

RUXIDA: En Betanzos chámaseelle “Pel ruxida” á “Pel enrugada”.

SABENCIO

SALERO, -RA

SALVANENOS

SARITA DONDE PONES LOS PIES: O andar pisaba con moito coidado como se a rúa fora un campo de minas.

SATISFEITA

SEIS DEDOS

SETE MACHOS

SETE SAIAS

SIRENA: Era unha rapaza nova que tiña as pernas inútiles, o resto do corpo ben feito e a cara guapa. Nos anos 30, ben porque herdou, ben porque lle tocara a lotería, mellorou a súa vida. Merrou un vehículo axeitado á súa disminución física, con motor, vestía elegante e puxo a “permanent”, descubrimento que acababa de chegar a Betanzos. O pouco apareceu un galopín que casou con ela e fundíulle o capital.

## SUAVIÑO

TALETO: Era un coxo, tiña unha perna máis curta e, ademais, escoletrada. Nunha ocasión, polos anos 20, houbo unha señora en Betanzos, chamada Ramona Lorenzo, a quen chamaran A MEDICA, porque exercía coma médico, profesión que tiña, segundo ela dicía. O Taleto foi á súa consulta e ó sair botaba pestes da Médica, dicindo que se lle sentara enriba da perna escoletrada para estirarlla e que, en vista de que non había nada que facer opinou que habería que cortarlla. Desde entón con só dicirlle: “¡Taleto, hai que cortala”, o home estalaba en impropios ceibáballe o bastón a calquera. Ramona Lorenzo no ano 1939 exercía a súa profesión en Palmeira, con placa á porta do seu despacho.

TARABELO: Dise da persoa voluble, inconsciente.

TARDANZAS: Debía ser o antónimo de PEPE EL RAPIDO.

TA-TA, JUANITIÑO O: Subnormal acollido no asilo Hermanos García Naveira, que tiña a moita honra o tocar a Campá Municipal nos días sinalados. Foi unha ledicia para el cando lle entregaron unha gorra de viseira cunhas grandes letras metálicas: “C. M.”, que quería dicir CAMPANERO MUNICIPAL. O alcume debía vir da dificultade que tiña para falar, pois tatalexaba.

TATARUXA: En Betanzos dise da persoa que fala sen xeito.

TATO, O

TERCO, SEÑOR MANOLO O

TERETAS: Pode derivar de Terete: Rolizo, robusto, forte.

TIPO DE SEÑORITA



"O Taleto". Debuxo realizado a partir de referencias orais.

**TIRIZÓ:** Furúnculo nas pálpebras // Ultimo animal da camada.

**TOCO:** Manco.

**TOFENO, -NA:** O que padece a tiña que, en Betanzos, chámasesse “TOFA”.

**TOLO**

**TOLO DE AVILÉS:** Véxase LOCO DE AVILÉS, nesta mesma sección.

**TONTERIAS**

**TONTOLISTO:** Alcume paradóxico pero ben posto, pois o home nin era tonto de todo nin ben listo tampouco.

**TOPOLINO:** Cando a guerra civil había uns automóviles de turismo da marca Fiat, pequeninos ós que se lles chamaba TO-POI-INOS. Por analogía chamábeselles tamén ós homes pequenos.

**TOUPORROUTOU:** Muller desaliñada e pouco cuidadosa // Interx. Voz que manifesta incredulidade, indiferencia ou desprecio. // Hai un cantar popular:

- *Touporroutou, pra onde vas vella?*
- *Touporroutou, pra Redondela.*
- *Touporroutou, que vas a buscar?*
- *Touporroutou, unha tega de sal.*
- *Touporroutou, pra qué é o sal?*
- *Touporroutou, pra botar no caldo.*
- *Touporroutou, pra qué é o caldo?*
- *Touporroutou, pra comer os homes.*
- *Touporroutou, pra qué son os homes?*
- *Touporroutou, pra sacar o millo.*
- *Touporroutou, pra qué é o millo?*
- *Touporroutou, pra lle dar ás pitas.*

- *Touporroutou, pra qué son as pitas?*
- *Touporroutou, pra poñer os ovos.*
- *Touporroutou, pra qué son os ovos?*
- *Touporroutou, pra lle dar ós cregos.*
- *Touporroutou, pra que son os cregos?*
- *Touporroutou, pra decir a misa.*
- *Touporroutou, pra que é a misa?*
- *Touporroutou, pra ganalo ceo.*
- *Touporroutou, pra qué é o ceo?*
- *Touporroutou, pra estar nil.*

**TOUTOU:** Persoa desaxeitada e sen compostura.

### **TRAPALLEIRO**

### **TRASTO**

**TRENCO:** Véxase PEREVÉ na sección de SEN CLASIFICAR.

**TUMBÓN:** Dise de aquel que foxe do traballo ou non o realiza con interés.

### **VALENTE, -TA**

**VARETA:** Rapaz áxil, chulo e simpático como certo personaxe dunha serie de televisión.

### **VARILLAS**

**VA Y VIENE:** Véxase IR Y VENIR.

**VELAS:** Había catro nenos amigos que xogaban ó futbol, cunha pelota de trapo. Tres deles formaban a “línea media”: Patus, Chevilí, Loló e Manoliño Velas entrenador.

**VELLO, O:** Dende moi xoven aparentou vello.

**VESGO, O:** Estrábico // Pérfido, desleal.

**VINCULEIRO:** Primoxénito. En Betanzos úsase como fillo

único.

**VIDRINES:** Estar vidrines: bêbedo, borracho.

**VIROLA:** Castrapo.

**VIROLLO**

**VIRULÉ:** En castelán: “Le puso un ojo a la virulé”, quiere decir inchado, amorado.

**VIXIGAS**

**VOLADOR**

**XIRIGAITO:** Cousa mal feita.

**XORDO**

**XOTO:** Aspero, intratable.

**ZARAGATAS:** En castelán ZARAGATA é tumulto, ZARAGATERO é peleón, pendenciero.

**ZULÚ**

**ZURDO**

## MANIAS, GUSTOS E AFEIZÓNS

**BAILÓN, -IONA:** Deformación de bailador.

**BARAXEIRO, -RA:** Deformación de BARALLEIRO, no sentido de afeizado a xogar á baralla.

**BIRISCA:** Xogo de cartas. // O as e o tres dos paus que non son trunfo no xogo da birisca ou do tute.

**CAFÚ:** En moitas aldeas dos arredores de Betanzos chámbole CAFÚ ó CAFÉ, polo que se pode pensar que este alcume

puxéronlo a algúñ afeizado a tomar esta infusión.

**CARAMBUÑERO:** Afeizado ás carambuñas, que é como se lle chama en Betanzos ás carambullas ou carabuñas.

**CARNASADA:** Contracción de carne asada.

**CORCHETES, OS:** Matrimonio que sempre andaba moi enganchetado.

**CHEAS:** Afeizado ás enchentas.

**CHUFAS, PURA A:** Chufa: Burla, mofa, escarnio. // Presunción. // Alabanza. // Picada, pulla.

**DES, O:** Xogaba ó fútbol có número 10 nas costas.

**DÓMINO, REY DEI:** Afeizado a xogar ó dominó, que se gababa de xogar ben.

**JA-JA:** Onomatopeia da risa.

**LAMBE PALTOS:** Véxase LEPA no apartado de VIRTUDES, DEFECTOS...

**MATAPITOS:** Aparece como personaxe da novela *La Mariña*, de José García Acuña, con Laroucas e Repolo.

**MELODIAS:** Tiña un bar no que sempre se oía música.

**NENÉ, PACO O:** Tiña gustos infantís.

**OLE YA:** Gustaba dos cantos e bailes flamencos.

**ONDA, A DA:** Sempre se peiteaba cunha grande onda por riba da fronte.

**PAPACHEAS**

**PARRANDA, A**

**PARRANDAS, O**

**PARRANDERO, O**

PATAQUEIRO

PERAS, PEPE DAS

PESCA PAXAROS

PILLA PEJAS

PINTA VACAS

**PITI BOLERO:** Era moi afeizado a cantar boleros, a pesar de facelo moi mal.

**PRIXELIÑO:** Contracción e diminutivo de pirixel.

**RABICEIRO:** Afeizado ás rabizas.

SALTA POZAS

**SEIS DOBLE:** Véxase REI DEI DOMINO, neste mesmo apartado.

VIVO CANTANDO

**VIXIGUEIRO:** Máscara vestida de calquera maneira. // Choqueiro.

## INDUSTRIAS E ESTABECEMENTOS

AMANCAY, DO

AVENIDA, DO

BACEL, DO

**BALAMEI:** Fundado por dous socios apelidados Balado e Meizoso.

BARATO, DO

BARRA, DA

BO, O

**BUENOS AIRES, DO**

**BUTANO, DO**

**CABEZA DO CABALO, DA:** Este establecemento, dos más antigos de Betanzos é coñecido con este nome por mor dunha cabeza de cabalo metálica, que ten colgada enriba da porta.

**CANDADO, DO**

**CANTINA, DA**

**CAPITOL, DO**

**CAPRICHÓ, DO**

**CARBÓN, DO**

**CASÁN:** Fundado por dous socios: Caabeiro e Sande.

**CASILLA, DA**

**CAYMI**

**COMPARATIVA, DA:** (Cooperativa)

**COPERATIVA, DA**

**CORTE INGLÉS, O:** Chámanlo a certa persoa que, despois de emigrar a Inglaterra, volveu traendo dous “trailers” cheos de electrodomésticos ou mobles vellos, que pillou neses “cemiterios” que se forman preto das cidades grandes, coa pretensión de poñer un establecemento. Alugou unha finca en Caraña e alí montou o que a xente chama o CORTE INGLÉS.

**CUEVA, DA**

**CHIMI, O:** Apócope de CHIMICHURRI.

**CHIMICHURRI, O**

**DIQUE, DO**

DODGE, DO

EMPRENDEDORA, DA: Era cobrador dunha empresa de transportes así chamada.

GATO NEGRO, DO

GLOBO, DO

GRANXA, DA

GRANXO, O

HORACIO, DO

HOTEL PIOLLO, DO: Era un fonducho de mala morte que había na rúa das Monxas.

LICEO, DO

LUGAMI

MARAZUL, DO

MARTILLO, DO

MAYFER

MESÓN, DO

NUEVO BARATO, DO

OCASO, DO

PARRA, DA

PARRA NOVA, DA

PARRA VELLA, DA

PENALTY, DO

POTE, DO

PRODUCTOR, DO

REIXA, DA  
REJA, A  
REJA, DA  
REJO, O  
RINCÓN, DO  
ROYAL, O DO: Fundado por dous socios: Roibás e Alvarez.  
SALTO DO CAN, DO  
SEAT, DO  
TACITA DE ORO, DA  
TIJERA DE ORO, DA  
TÚNEL, DO  
TÚNEL VELLO, DO  
TU VERA, O DA  
UNIVERSAL, O  
VENTOSA, O  
VERDAD, O DA  
VICTORIA, O  
VICTORIA, O DA  
XERMADE, O DA

## TOPÓNIMOS

**ABEGONDO:** Concello do partido xudicial de Betanzos

**ANCARES:** Serra da provincia de Lugo. Figura no Reparto da Contribución de Utensilios de 1824 e 1825.

**AREOSA:** Lugar da parroquia de Tiobre.

**ASCARIZ:** Lugar da parroquia de Presedo, concello de Abegondo.

**AUSTRIA, OS DE:** Certa familia que vivía no barrio da Cruz Verde, en Betanzos. Algúns chamábanlle á Cruz Verde o Barrio de Austria.

**AVILÉS, O LOCO DE:** Véxase O LOCO DE AVILÉS, no apartado de VIRTUDES, DEFECTOS...

**BALEARES:** Supervivinte do cruceiro “*Baleares*”, afundado na guerra civil española.

**BANDOXA:** Parroquia do Concello de Oza dos Ríos.

**BARALLA:** Lugar da parroquia de Piadela, Betanzos. Inda que hai outros lugares co mesmo nome, este alcume refírese a unha persoa que tivo uns moiños nese lugar.

**BARALLOBRA:** Feminino forzado de BARALLOBRE, topónimo moi abundante na xeografía galega. Tamén pode derivarse do apelido homónimo.

**BARRAL:** Lugar da parroquia de San Martiño de Tiobre, concello de Betanzos. E topónimo moi abundante e significa lugar onde hai moito barro.

**BASTAVALES:** Parroquia do Concello de Brión (A Coruña). Houbo un músico na banda municipal de Betanzos a quen chamaban así, porque nacera nesa parroquia. O seu nome completo era Arturo Fernández Picallo.

**BETANZOS:** Os alcumes topónimicos lévaos a xente que nace nun lugar determinado e vive noutro. Este, sen embargo, levouno nacendo, vivindo e morrendo en Betanzos.

**CALLÓU:** Lugar da parroquia de San Fiz de Vixoi, concello de Bergondo.

**CAMBÁS:** Parroquia do axuntamento de Aranga.

**CANAVOSO:** Lugar da parroquia de Cuiña, concello de Oza dos Ríos.

**CASCAS, DAS:** As Cascas é un barrio da cidade de Betanzos.

**CERVERA:** Hai varios topónimos en España. Tamén pode ser apelido.

**CONDOMIÑAS:** En Betanzos, no barrio da Magdalena, hai unha zona chamada a Condomiña, que quere dicir condominio.

**COREA**

**CORUÑA**

**CUIÑA:** Parroquia do Concello de Oza dos Ríos. Quere dicir Outeiro.

**CURTIS**

**CHANTADA:** Aparte da vila lucense hai varios lugares máis con ese nome, que quere dicir: cravada, plantada na terra.

**CHEDAS:** Lugar da parroquia de Vilouzás, concello de Paderne.

**FOUCELLAS:** Lugar moi próximo a Curtis. Aquí naceu Benigno Andrade García, coñecido con ese alcume. Foi o guerilleiro, fuxido ou “escapado” máis famoso de Galicia e o máis temido, segundo escribíu Costa Clavell, quen tamén dixo que se actuara na Guerra da Independencia contra os franceses, pasaría á Historia como un verdadeiro héroe, pero actuando nas guerrillas galegas, “*Ha sido considerado como un vulgar atracador al que, como máximo, no se le ha negado bravura*”. O 9 de marzo de 1952 foi pillado pola Garda Civil no lugar de Costa, parroquia da Regueira, Oza dos Ríos, e ferido na loita que sostivo cós gardas. Fixénronlle unha primeira cura en Betanzos a onde chegou nunha “camilla”, e logo ingresou na cárcere provincial da Coruña. Unha vez xulgado e condenado a morte, foi executado o 26 de xullo de 1952.

## FRANCIA

### GALILEA

**GONDORIZ:** Xastre que exerceu en Betanzos a sua profesión por algúin tempo, nado no lugar de Gondoriz, parroquia de Vilouzás, concello de Paderne. Naquela época, cando se ollaba un traxe mal feito, dicíase: “Estiliño Gondoriz”.

**GURACHO, -CHA:** Lugar da Guracha.

**GURITA:** Lugar da parroquia e Concello de Paderne. Inda que esta palabra quere dicir: hipócrita, finxidor, falso, neste caso o sentido ou razón do alcume é o topónimo.

**HOLLYWOOD, AS:** Arrabaldo da cidade de Los Angeles (USA), importante centro cinematográfico.

**JALISCO:** Estado de México que se fixo célebre en España por unha canción na que un trozo da letra dicía: “*Ay, Jalisco, no te rajes*”. Un dos que levou este alcume era cego, tocaba o acordeón e poucas más pezas sabía que a devandita.

**LIMIÑÓN:** Parroquia do concello de Abegondo.

**MALLOU:** Hai varios lugares en Galicia.

**MANDALLO:** Parroquia do concello de Cesuras.

**MARIÑÁN:** Lugar do concello e parroquia de Bergondo.  
Tamén existe como apelido e mesmo pode ser xentilicio aplicado a tódolos habitantes das Mariñas.

*MEILÁN*

**MERA:** Hai varios lugares en Galicia. Temos oido contar dun tal MANOLIÑO MERA que, de cando en cando viña pedir esmola por Betanzos e, dende a rúa, berráballe á xente que estaba asomada nos balcóns, galerías ou fiestras: “*Señoritiña do piso do alto de arriba de todo, déame unha limosniña.*” Polas rúas os rapaces cantábanlle: “*Manoliño Mera / foi ós mixilós / no medio do camiño / caéronñe os calzós.*”

**MONELOS:** Barrio da cidade da Coruña.

**MONTROVE:** Lugar do Concello de Oleiros.

**NOIA**

**ORTIGUEIRA**

**OSUNA:** O que leva este alcume non é que sexa nado nesa cidade andaluza, senón que mercaba madeira para unha empresa coñecida con ese nome.

**PADRÓN**

**PARIS**

**PEIZÁS:** Hai varios lugares así chamados.

**PENAMOURA:** Lugar da parroquia de San Martiño de Tiobre.

*PICACHA*

**PICHEIRAS:** Lugar do Concello de Aranga.

**PISON:** Lugar da parroquia de San Fiz de Vixoi, Ber-

gondo.

### RÁBADE

**REGAS:** Segundo o historiador Manuel Martínez Santiso no século pasado existía unha fonte con este nome, nunha granxa pertencente ó Marqués de Bendaña, situada “en la Magdalena, extramuros de esta ciudad”. Pode que estivera onde hoxe se atopa a casa e finca dos que levan este alcume.

### RIANXO

**RIAÑO,-ÑA:** Non sabemos se vende o pobo leonés, se dun apelido ou da gordura que cobre o intestino e os riles do animal.

**RODEIRO:** Parroquia do concello de Oza dos Ríos.

**ROLLO, DO:** Que vivía na rúa do Rollo.

### SABOYA

**SAN PANTALEÓN:** Das Viñas, parroquia do concello de Betanzos.

### SANTANDER

**SANTESTEVO:** De Quintas, parroquia do Concello de Paderne.

**TABLAS, DAS:** Lugar do concello de Oza dos Ríos.

**TARABELO:** Lugar do concello de Sada.

### TORTOSA

**TRIANA:** Barrio de Sevilla.

**TROIA:** Cidade de Asia Menor.

**VALBUENA:** Concello da provincia de Valladolid.

**VALENCIA:** Quen levaba este alcume non lle viña directamente da cidade dese nome senón do Pasodoble *VALENCIA*, do

que foi autor o mestre Padilla.

**VELAÚXE:** Deformación de VII.AUXE, parroquias do Concello de Chantada, Lugo, San Salvador e San Vicente de Vilaúxe.

#### VENEZUELA

**VENTOSA:** Lugar do concello de Paderne.

**VEXO:** Lugar da parroquia de Fervenzas, concello de Aranga.

**VILACOBA:** Parroquia do concello de Abegondo.

**VILADESUSO:** Lugar da parroquia de Piadela.

**VILELA:** Os que levaban este alcume eran oriundos do lugar de Vilela, concello de Aranga.

**VILLENA:** Cidade da provincia de Alicante. Non sabemos que relación poderá haber ente ela e os que levan tal alcume.

**VIRAVENTOS:** Lugar moi próximo á igrexa dos Remedios, Betanzos.

**VIRIS:** Lugar da parroquia do Concello de Begonte, Lugo.

**VIUXA:** Deformación de Viuxe, lugar de Piadela, Betanzos.

**VIXOI (VIJOI):** Nado na parroquia de tal nome, Bergondo.

**YUMA:** Cidade dos Estados Unidos de América, Estado de Arizona.

## XENTILICIOS

**ABISINIA, -NIO:** Non era naturais de Etiopía e os que viviron en Betanzos non tiñan pinta de abisinios.

**ALEMÁN**

**ANDALUZ, -ZA**

**ARAGONÉS:** Era natural de Panticosa, provincia de Huesca e casou en Souto.

**ARANGUÉS, -SA**

**ASTURIANO, -NA**

**BERGONDESA**

**BILBAINO, -NA**

**CABANESA**

**CALLOBRÉS, -SA**

**CAMBANÉS, -SA**

**CAMBRÉS,**

**CARBALLÉS, -SA**

**CASCARILLEIRO, -RA:** Alcume dos coruñeses.

**CASTELLANITA**

**CATALÁN**

**CORUÑESA**

**CRISTINA:** Pepa de Cristina non tiña nada que ver con este nome propio, chamábanlle de Cristina porque naceu no lugar de CRISTIN, concello de Oza dos Ríos.

CUBANO, -NA

CHINO

FERROLANA

HABANERA

INGLÉS, PEPE EI.

**LAGARÉS:** O primeiro que tivo este alcume nacera no lugar de Lagares, Concello de Monfero.

LUGUÉS, -SA

MADRILEÑO, -ÑA

MADRILES

MARAGATO, -TA

**MARIÑÁN:** Nado nas Mariñas.

**MARULÁN:** Do lugar do Marulo.

**MAMPASA, -SO:** Sitio ou lugar de Mampás, parroquia de Armea, concello de Coirós. A fonte que hai onda os Caneiros, chámase Fonte de Mampás.

NOESA: De NOIESA.

PARAGUAYO

POLACA

PORTUGUÉS, -SA

**PORTUXÉS:** Deformación de portugués.

**RHIANO:** Era natural da Guarda, que está na raia con Portugal.

RUSO

SANTANDERINO

## URUGUAYO

## VENEZOLANO

**YUMA:** Pertencente ós indios YUMAS que viven nos vales dos ríos, Colorado e Gila, na baixa California e no estado mexicano de Sonora.

## DE SITUACION

### ALDEANO

### CALEXA, DA

### COVENTO, DO

### CORREDOIRAS

### CURRUNCHO, DO

### EIRA, DA

### GRAN VIA, DA

**MAROLA:** Illa na confluencia das rías de A Coruña, Ares-Betanzos e Ferrol. O mar é moi batido o que deu pe a moitas coplas populares: “*Moreniña por te ver / pasei o mar da Marola / a piques de me perder.*” “*Barqueiro que vas na barca / pola pena da Marola / Barqueiro que vas na barca / bótame desde mar fora.*” Hai tamén un dito: “*O que pasa a Marola pasa a mar toda.*”

### MONTAÑÉS

### PATARELO:

 Zona do Concello de Oza.

**PONTE, PEPIÑO DA:** Deficiente mental, que vivíu xunta a ponte das Cascas.

**REFOXO, DO:** Familia que vivía nunha casa situada na

corredoira do Refoxo que, dende a rúa de Nosa Señora do Camiño, vai dar á estrada de Betanzos á Viaxe.

RIBADELA

RUEIRO

TORRE, DA

XUNCAL, DO

XUNQUEIRA

## MALSOANTES

CAGADURO

CAGA FORA

CAGALACENAS: Véxase PEREVÉ na sección SEN CLASIFICAR.

CAGALILA

CAGALLÓN, TONIÑO O: Supoñemos que o alcume viña da pequena estatura deste rapaz de familia moi humilde, que foi sacristán na igrexa de Santa María do Azougue. Alguén se decastou da súa extraordinaria intelixencia e lle facilitou unha beca para estudiar no Seminario. Hoxe ten un alto cargo na Curia Romana e témolo visto na televisión acompañando ó Papa nas súas viaxes. Cando Xoan Paulus II estivo en Compostela el veu a Betanzos e dixo misa na Igrexa de Santo Domingo.

CAGAMATERIAS

CAGA NA BOTA

CAGA NA ESCALEIRA

CAGA NO PINO

CAGAPILAS  
CAGAPITOS  
CAGA POQUITOS  
CAGAROCHA  
CAGARRÍA  
CAGARRÍS  
CAGONA  
CAGOTE  
CARAJERA  
CARALLÁN  
CARTO NO CU  
COJONES  
COLLÓN  
COLLÓN DE PAU  
CONAINAS  
CU DE PATEXA  
CHE PAPAMIERDA  
ESTIRA PIXAS  
INFLA POLLAS  
MERDA ASADA  
MERDA MOURA  
MERDA NA ZOCA  
MEXONA  
PARRATAS

PERRECHA, -CHO  
PICHAS  
PIROLO  
PIXA FRIA  
PUTA, RAMÓN O  
PUTO PELADO  
TETA ROIDA  
XONTE CAGAMULO

## MAMIFEROS

**BURRO, ANTON DO:** Cando esta familia veu para Betanzos, a primeiros de século ou finais do pasado, o petrucio, que se chamaba Antón, tiña un burro que levaba a pacer polos arredores da cidade.

**CABRAS, FERMINA DAS:** De nome Fermina tiña duas cabras e xa figura no apartado de nomes de persoa.

CABRA FIDALGA  
CABUXA  
CAN DAS TABERNAS  
CAN DE AREAS  
CAN DE OBRE  
CAN DE IRIXOA  
CAN VELLO  
CARNEIRO

**CONEXO, -XA:** Castelanismo por coello.

**CORDERO:** Castelanismo por cordeiro.

**CUXA, DA**

**CHIVAS**

**GALLEIRAS:** Dise das vacas que teñen os cornos para arriba.

**GANCHA:** Vaca cos cornoscara adiante.

**GARDUÑO:** Carnívoro nocturno. Véxase PEREVE, na sección de SEN CLASIFICAR.

**GATA ROXA**

**GATA DOS TELLADOS**

**GATO BABOSO**

**GATO DE CARAÑA**

**GATO DA PERRERA:** Anxel Parga. Tamén coñecido por XEIETO. Era subnormal. Pretendía ser porteiro do Axuntamento e tiña a manía de botar multas a tódolos que se metía con el e, ademáis de botar�les a multa, dicíalles: “¡FORA DE BETANZOS!”.

**LEITÓN:** Porco novo ou bácoro que ainda se alimenta de leite.

**LEÓN**

**LEÓN DEL RIF**

**LOBITO**

**LOBO**

**MARRANILLA:** Véxase PEREVE na sección de SEN CLASIFICAR.

MATACÁS  
MIL RATAS  
MONO, -NA  
MONA ANTIGUA  
MORCEGO  
MULA, O  
PERRITOS  
PORQUIÑOS  
PITO GALLINA

POTRO: De nome Manuel Santaia, na época da Segunda República tivo un establecemento ó lado do Adro de Santo Domingo, nunha zona hoxe ocupada polas escaleiras, destinado a bar ou máis ben ó que se chamaría hoxe “barra americana”, con mulleres de “alterne”. A xente coñecía este establecemento como o “Tarán do Potro”. Era obrigado pasar polas súas inmediacións para ir á igrexa de Santo Domingo, ó Teatro Alfonsetti, único da cidade, e ó Instituto de Segundo Ensino.

PUERCOS  
RANCHAS, A  
RAPOSO, -SA  
RATA  
RATITA  
RATO  
TEIXÓN, -NA  
VACA, DA  
VACA, LA

## AVES

BUHO

CARRIZO

**COTORRO, -RRA:** Cotorra chamábanlo a unha señora que tiña unha tenda na rúa dos Ferreiros e nela unha cotorra ou loro. Este alcume foise transmitindo, máis que á familia ós sucesores no negocio.

CUCO

CUQUITO

CURUXO, -XA

**CHINANGO, -GA:** Pode ser unha deformación da palabra CHIMANGO, que na Arxentina e outros países sudamericanos designa a unha ave de rapina, de uns 30 cm. Hai un refrán arxentino que dí: “*Para qué gastar pólvora en chimangos, animal que no se come.*” De aí pode vir o que se lle aplique este alcume a xente de pouco valor, polo seu intelecto ou pola situación social.

**GAIOLLO:** Páxaro tamén coñecido por papafigo, verdillón ou vichelocrego.

GALIÑA CHOCA

GALO

**GOLONDRO:** Era xastre e morreu afogado un día que se estaba bañando no Penso nos tempos da guerra civil española e precisamente o día que as tropas “nacionales” tomaran certa cidade de importancia, poida que Santander. Cando el ía afondando a muller, que estaba na beira do río, dicía: “*/Ai, o meu Joseíño, canto resiste!*” E logo, cando xa afogaba e estiraba as mans

fora da auga, ela: “*Hai que ver o que resiste o meu Joseiño e velaí como di: ¡Viva España!*” Pódese dicir que morreu patrióticamente.

### GORRIÓN

**MIÑOTA:** Feminino forzado de MIÑOTO ou MIÑATO: Ave de rapina.

### PALOMO

**PAPUXA:** Cantares populares: “*A lebre cria no monte / a papuxa na silveira / a muller de moitos homes / aniña onde ela queira.*” “*A papuxa cando chove / mete o rabo na silveira / Así fai a boa moza / cando non ten que a queira.*”

### PARRULLO

### PAXARIÑO, -ÑA

### PAXARO

### PEGA, -GO

### PEIZOQUE

**PERIQUITO, -TA:** Hai varios así alcumados, para un deles véxase PEREVE, na sección de SEN CLASIFICAR.

### PICHÓN

**PITO BEBENDO:** Chamábanlo a certa persoa que facía a cotío un movemento de cabeza, como o que fan os pitos cando beben.

### POMBO

### RULO, -LA

## PEIXES

BESUGO, -GA

CASTAÑETA

CAZÓN

FANECAS

**GOLONDRO:** Figura no apartado de AVES, pero tamén pode ser peixe: Alfández, escacho.

MELGACHO, -CHA

MONXE

PANCHITO: Diminutivo de pancho.

PANCHO

PARROCHAS

PECHANCO: Dise de calquera peixe pequeno.

**PEIXE:** Cando o alcumaban contestaba: “*O que non o queira que o deixe*”

PESCADA

PESCADILLA

PIXIN: Peixe sapo de mala calidad.

SABOIA: Sábalo, samborca.

TROITA

TROITIÑA

XURELO

## OUTROS ANIMAIS

**AIRUJA:** Véxase EIRUGA, posto que é unha pronuncia vulgar desta palabra.

**ANDOLAS:** Avelaíñas.

**AVELAIÑA**

**CAIMÁN**

**CARRACHA**

**CULEBRINA**

**CULEBRÓN**

**EIROA:** Especie de anguía.

**EIRUGA:** Larva dos insectos lepidópteros en forma de verme.

**FORMIGA**

**GRIRO**

**MARIPOSA**

**MAROLO:** Nome que se da a varios moluscos.

**MEXILÓN ou MIXILÓN**

**MEXOTE, -TA:** Mexota, arola.

**MINCHA**

**MIXARELO ou MEXARELO:** Arola, especie de ameixa. Quen leva este alcume é nado en Miño.

**MOSQUITO**

**PIOLLO**

RANA

RAÑADO: Centolo pequeno.

SAPO

TORTUGA

## COMESTIBLES

BERZAS

BISTEC

BOLLITOS: Polos anos trinta había un rapaz que vendía unhas confituras chamadas “bollitos”, feitas por un señor que viñera de fora, coñecido por “don Cándido”. A xente chamáballe así porque os vendía e os pregoaba.

CARROLAS: Noces.

CEBOLA

CEBOLA PODRE

CRISTINITAS: Na mesma época en que se vendían os “bollitos” xa citados, outro señor forasteiro vendía o que el chamaba “cristinitas calientes”, que era outro confite e de aí o alcume. Este señor desapareceu no ano 1936.

CHACINA

CHORIZO

CHORIZO FRESCO

CHURRASCO

JAMONES

MANTECA, MANOLITO

Monteira

MERENGUE, MISS

MEXUNXE

**MICHONGUITO:** Apelativo familiar cubano. Polos anos trinta estaba de moda unha rumba que a letra, entre outras cousas, dicía: “*Michonguito se llama Juan / Se mantiene de ajonjoli*”. O “*ajonjoli*” é unha pranta cultivada nos países cálidos para obter aceite e fariña. Isto ten relación co feito de que en Betanzos se chame “michonguitos” a unhas frituras de masa, en forma de “orellas”, pero sen outros ingredientes que fariña e auga.

MOLETAS

MOLETE

NATILLAS

PAPANDUXO

PATACAS

PATATA FRITA

PELADILLO

PERIÑA, O

**PEROCHA:** Parte carnosa do nabo, da zanoura, etc.

PEXEGO

**PIMENTO MORRÓN:** A persoa que tiña este alcume posuía un nariz grande e vermello que talmente semellaba un pimento morrón.

PIMENTONA

**PORRO:** Allo porro.

**PURA MANTECA:** Trátase dunha persoa que ten un establecemento e de tódolos seus artigos dí que son “pura manteca”.

## RABIZAS

**RECHO:** Intestino grosso do porco. En Betanzos chámase lle ó estómago.

## REPOLO

**TIRABECA:** Feminino forzado de tirabeque.

**TIRABEQUE:** En Betanzos houbo polos anos 60 e 70 unha “peña” de amigos que se autodenominaba “A PEÑA DO TIRABEQUE”.

## RELACIONADOS COAS MOEDAS

### CALDERILLA

### CARTO DUNTO

### CHUPA PERRAS

**MACHACANTE:** En castelán vulgar chámase lle ó peso, moeda de 5 pesetas.

**NOVENTA E CINCO:** Había dous bazares na Rúa Travesa que vendían tódolos seus artículos a 0'65 e 0'95 pesetas. Os donos dun deses establecemento quedoulles o alcume citado

**PERRA CHICA:** Moeda de 5 céntimos.

**PERRITA:** Chamábaselle á cantidade de caña que levaba certo recipiente que custaba 5 céntimos, ou sexa “unha perrita”.

**PERRITILLA:** Diminutivo do anterior. // Tamén se lle chamaba a quen bebía moita perrita.

### PESETA

**PESETO:** Masculino forzado de peseta.

**REAL:** Catro reás facían unha peseta.

**TRES PERRINAS:** Chamábanlo a un que tiña un posto os días de feira en Betanzos e vendía todo a 3 perras ou sexa 15 ctmos.

**UCHAVO:** Antiga moeda de pouco valor.

**VENTE PESETAS:** Tiña un establecemento na Praza do Campo e quería falar o castelán. No lugar de "VEINTE" pronunciaba "VENTE".

## COUSAS RELACIONADAS CO MEDIO RURAL

**AREOSA:** Camiño largo, en encosta, moi pedregoso e areento.

**BARRELAS:** Taboada ou piso de pouca altura onde se guardan patacas, froita, leña, etc.

**CACHARELO:** Masculino forzado de CACHARELA: Fogueira de San Xoan. // Lata, bote en xeral.

**CAFÚ:** Derivado de CAFÚA: Cabana pequena cuberta de palla, construída con torróns.

**CAPELAS:** Pequenas igrexas dun só altar. Ermida, santuario.

**CAROLO, -IA:** En masculino: a espiga do millo despois de debullada; en feminino: piña do piñeiro manso, que da os piñons comestibles.

**CORNÁN:** Dise do animal que ten os cornos moi longos

**CUCHUCHÚ:** Pode ser deformación de CUCHUCHO: Ca-

pullo da abrótega.

**CUEIRO:** Talo das coles.

**CHABOLEIRA:** A que vive nunha chabola ou casupa.

**CHOTAS:** Capas ou montóns de esterco que se forman para distribuilo polas leiras.

**EIRA, DA:** Porción de terreo liso e duro onde se mallan, secan e limpan os cereais e legumes.

**ESTRUMEIRA:** Lugar onde se deposita e fermenta o estrume. // Esterqueira. // Fig. Cousa inmunda.

**GORRIÓN:** Caravilla que segura a roda do carro e lle impide sair do eixo.

**GRANXA, DA**

**GRANXO:** Masculino forzado de granxa.

**LAREIRAS:** En sentido figurado dise do que se mete nos labores propios das mulleres.

**MADUREIRO, -RA:** Lugar onde se pon a froita a madurar.

**MAINZAS:** Presas ou porciones de cousa que se collen cunha man.

**MAZORCAS**

**MOLLO:** Pequeno feixe, xeralmente feito de mes ó seiturar.

**NARANXO:** Castrapo por LARANXEIRA.

**NOGUEIRA**

**PACHUZO:** Atado de palla que se fai na punta da meda.

**PINICA:** Folla do piñeiro. Arume.

**PIÑOLO:** Despreciativo de piña.

**PIÑUCO:** Piña de uvas pequena.

**RESTREBAS:** Leiras que non se cultivan.

**RIANXO:** Hortaliza en xeral.

**RODRIGAS:** Estacas para viñas e feixoeiras.

**RUEIRO**

**TALLO:** Banco pequeno e rústico.

**TALLÓN:** Porción de terreo entre dous sulcos. Tabuleiro.

**TARRELO:** Planta herbácea, de flores brancas e follas moi divididas.

**TERROEIRO:** O que vive nunha **TERROEIRA:** Casa pequena e con pavimento de terra.

**TRELO:** Corda para ata-la carga do carro. Adival. // En plural: Utensilios ou apeiros que serven para un determinado labor.

**TRILLAS:** °Aparello para pica-lo toxo para penso. // Tascón para espada-lo liño. // Aparello para pesca.

**XUNCAL, DO:** Terreo abundante en xuncos.;


**XUNQUEIRA:** Xuncal.

**ZOCHAS:** Avultamento ou nudosidade que apresentan algunas árbores na parte inferior do tronco.

**ZULEIRO, O DO:** Celeiro, depósito de provisións.

*"O Pinica"*





## OBXETOS, MAQUINAS, E TREBELLOS

### AGULLAS, O

**ALMENDRILLAS:** Aros dos que pende un adorno en forma de lágrima.

**ANDAVIA:** Aparello para axota-los paxaros. // Instrumento que serve para apreta-los aros das cubas.

**ANDOLAS:** Andas ou pernas de pau para ir pola auga. Pode ser que aquel a quen puxeron este alcume tivera unhas andolas.

### AVIÓN

### AVIONETA

**BEDRINES:** Rapeta, pequeno aparello de arrastre.

**BOMBA:** Dos diferentes significados desta palabra pensamos que estará aplicada en sentido figurado, como algo que chama a atención.

**BOTIXO:** Castrapo moi usado no canto de BOTEXO.

### CABEZALLAS

**CACHIMBAS:** Castrapo por CACHIMBADOR: Aquel que fuma en cachimbo.

### CANA

### CANDADO

### CANEKO, -CA

**CARRO**

**CASQUETE, -TA**

**CIROLAS:** Calzón, prenda interior masculina que chega ós nocellos.

**CLARABOIAS**

**COCHE AMARILLO, DO:** Esta persoa tiña un automóbil de cor amarela.

**COPETA:** Artesa pequena para amasar.

**CUEIRO:** Faixa de pano co que se envolven as pernas e nádegas dos bebés.

**CULEBRINA:** Peza de artillería larga e de pouco calibre.

**CULLERES:** Plural de culler.

**CHALECOS, PEPE**

**CHIRIMÍA:** Instrumento musical de vento do xeito do clarinete.

**DIAMANTE**

**FARRACAS:** Fardel, saquete de coiro. Faltriqueira.

**FUSO:** Véxase PEREVE na sección de SEN CLASIFICAR

**GADAÑAS**

**GAITA:** Véxase ESCALLOTE en SEN CLASIFICAR.

**GANCHO**

**GORRO DE PAXE**

**GRÚA**

**JICHEIRO:** Deformación de BICHEIRO: Pau en forma de hasta con remate de ferro en gancho e punta ó mesmo tempo,

usado polos pescadores para atracar, iza-lo polbo, etc. A persoa así chamada adicábase ó transporte nun bote grande e sempre levaba o bicheiro.

**KARDEX:** A certo reloxeiro de Betanzos, alá polo ano 1955, déronlle a exclusiva da marca KARDEX de reloxios, e tantos vendiu que inzou a bisbarra deles e xa a xente lle chamaba por ese nome. O precio era de 350 pesetas a prazos de 50 ptas. mensuais.

**LADRILLO**

**LAMPARILLA**

**LAREIRAS**

**LILA:** Pode ser unha abreviación de lilaila, xoguete.

**LILÓ:** Véxase no apartado VIRTUDES, DEFECTOS...

**LIMA**

**MAINZAS:** Trebello para pescar longueirós.

**MANGUEIRA**

**MANILLARES**

**MARTILLO**

**METRALLETA:** Chamábanlo a un que é tatexo.

**MINGACHEIRO, -RA:** O que pesca có mingacho.

**MOCO:** Masculino forzado de MOCA: Pau.

**MONECA**

**NAIPE**

**PALETÓ:** En castelán é un galicismo: PALETOT: Abrigo. Alguén que sempre chamaba paletó ó abrigo.

**PARKER:** Marca de pluma estilógrafica. Quen levaba este

alcume tiña unha pluma desas, o que naquela época era un luxo.

### PATELA

**PELETRE:** Pedra ou anaco de tella co que se xoga á mariola.// O mesmo xogo.

### PEROCHA

### PEROLA

**PERTEGUEIRA:** Correa que une o pértego á mangueira. Este alcume aparece no reparto da Contribución de Utensilios de 1824 a 1825.

**PINCHE:** Aparello de pesca tamén chamado palangre ou pincho.

**PINCHO:** Véxase o anterior.

**PISTOLA:** O que levaba este alcume tiña unha e parece que a usaba algunha vez.

### PIZARRILLO

**PLATILLO VOLANTE:** Vixante ferrolán que viña traballar moito a Betanzos, onde era moi apreciado pola súa simpatía e bonhomía. De estatura moi baixa non tiña complexo por tal circunstancia e era el o primeiro en facer chistadas e gracias do seu corpo pequeno que, por outra parte, non tiña outro defecto. Nunha ocasión en que o Estado anunciara que ía poñer en práctica certos “PLANS DE DESARROLLO”, este home andou a buscar todolos homes de baixa estatura que houbese en Betanzos, co gallo de facer unha manifestación de protesta diante do Goberno Civil da Coruña por se non eran tidos en conta nos devanditos “PLANS DE DESARROLLO”.

### POLEA

**POLÍN:** Soporte de madeira onde se asenta a cuba.

**POTE:** Hai unha familia que leva este alcume por ter un establecemento que se anuncia cun pote colgado.

**RABIZAS:** Brazo ou rabo do arado que se empuña para poder manexalo.

**RACÚ:** Embarcación a motor.

**RASQUETA:** Rascón. // Lámina de ferro, afiada, para arrincar mexilóns.

**RASQUETE:** Marculino forzado de Rasqueta.

**REMACHE**

**RIANXO:** Especie de avental ou mandil, curto e negro, con franxas e ornamentos de terciopelo.

**RIFLE**

**SEAT, DO**

**SUBELA:** Instrumento de zapateiro. Este era o alcume dos irmáns GARCIA NAVEIRA, filántropos betanceiros.

**TALLO**

**TARABELO:** Peza de madeira que serve para pechar portas, etc. Este alcume xa aparece no reparto da Contribución de Utensilios de 1824 a 1825.

**TIXEIRAS**

**TOPOLINO:** Certo modelo de automóbil, marca Fiat, de tamaño moi pequeno. // Tamén se lle chamou a certo calzado de muller. // Por analogía chamábaselle ós homes moi pequenos.

**TORNILLO:** Parafuso.

**TRELO, -IA:** En feminino: tira de coiro para amarrar os cans. O masculino é forzado.

## TRESPÉS

**TRILLAS:** Xa figura en COUSAS RELACIONADAS CO MEDIO RURAL.

**TROULO:** Eixo do rodicio do muiño.

## TURBINAS

**VARALES:** Varal, vara longa, pértiga // Chámaselle así ós rapaces altos, sobre todo de pernas longas.

## VARILLAS

**VEXIGAS:** A vexiga do cocho era o balón de futbol de que dispoñían a maior parte dos rapaces, hai anos.

**VIDRINES:** Xoguete, especie de hélice que, levada á presa na man, xira. // Rede prohibida para a nécora e a centola.

## VIMBIOS

**VIROLA:** Abrazadeira de metal que se pon por remate en algunos instrumentos.

**XINXÍN:** Randea. Randeeira para se balanzar.

**YOYÓ:** Certo xoguete.

## ZOCAS

## SEN CLASIFICAR

**ÁNIMAS:** Así, en plural, dise do toque de campás avisando ós fieis que roguen a Deus polas almas do Purgatorio. É curioso que cando chegou a ser Alcalde de Betanzos Xosé Novo Rodríguez, o Ánimas, propuxo á Corporación, e así foi aceptado, que as campás das igrexas tocaran só dende as 8 da mañá ás 7 do serán, co fin de non molestaren ós veciños mentres durmían,

pois antes diso tocaban a calquera hora da noite e da mañan-ciña.

**ARRECUCA:** Voz usada para facer andar a egua.

**ANOCO**

**ATANJO:** Pode ser un derivado do verbo ATANGUER que, entre outras cousas, quere dicir tocar, palpar. Quen levaba este alcume tocaba a guitarra e non o facía moi ben, pois cando algúen tocaba algo que non era moi intelixible, dicíase: “*Iso parece a iota do Atanjo*”.

**ATÓMICO:** Moi dinámico.

**BADINA**

**BARRACAS**

**BEL**

**BURATO, -TA**

**BUREI:** Parece que este home tivo un can chamado NEY e que había un parvo que pronunciaba moi mal e para dicir que aquel era o amo do Ney, chamáballe Burei.

**BUSCA**

**CACAÑO**

**CACARRÁN**

**CACHAIO**

**CACHANO**

**CACHÓN**

**CACHOUFAS**

**CALIAS**

**CALILE**

## CALLÁN

**CALLOUBO**, -BA: Derivado de calloubada: Comida repugnante // Café moi cargado de augardente queimada.

## CAPINÉ

**CASABELLAS**: Figura no reparto da Contribución de Utensilios de 1824 a 1825.

**CASABLANCA**: Cantar popular: “*Farruco da casa blanca / Ten un galo que lle canta / Súa mai é pequeniña / Canta coma unha galiña.*” Este alcume ven da particularidade de vivir nunha casa pintada de branco.

## CATAFÚ

## CATARRUÑA

## CAUTELAU

## CETROLAS, AS

## CINCUENTA, O

**CÓ, PEPIÑO O**: Deficiente mental, pero non tanto como parecía. Falaba con moita dificultade. Nunha ocasión estaba traballando nunha leira nas aforas de Betanzos e pasou co correo un carteiro de certa aldea, montando nunha bicicleta e levandosen-tada no asento á súa dona, que era bastante grossa. Ó velo o Pepiño berroulle: “*¡Cateiro, vai talá!*” O outro non entendeu ben e respondeu: “*¿Que é o que dis?*” “*Vai talá*”, volveu a berrar o Pepe. O carteiro parou e preguntoulle: “*Que vaia onde?*” “*Que vai talá a roda de atrá*”, referíndose ó peso da muller.

## COLÁN

## COLEÑO

## CONDE BIONA

## COÑUÑÚ

## CORTADOS

*COTÉ* ← COTACO  
CRI-CRI

CUADRADO: Chámaselle a aquel que é baixo, ancho e forte.

## CUDUCHO

CULÉ: Non cremos que llo chamaran por ser forofo do BARCELONA, C. F.

## CURELLO

## CUSCULLIN, -NA

## CHAFARICO

## CHALÉ, DO

## CHARATAS

## CHATERA

CHAUCHITO: Estivera moitos anos na Arxentina e empregaba moito, como saúdo, a palabra “CHAO”.

## CHECHO

## CHENERIA

## CHEOZA

## CHICOI

## CHICHO LA NIÑA

## CHINGORIGONGO

## CHINGULITO

## CHIRELA

## CHIRENA

## CHISTOI

**CHIVEA**

**CHOIVO, -VA**

**CHOVERÁ**

**CHÓVIGO:** Tiña a profesión de chocolateiro. Hai moitos anos algúns rapaces, para falar entre sí sen que os demáis os entendesen, silababan as palabras, engadindo a cada sílaba a desinencia “VIGO”, agás ás acabadas en “a” que se lles engadía a desinencia “TERO”. Polo tanto, falando desde xeito a profesión deste home diríase: CHOVIGO - COVIGO - LATERO - TEIVIGO - ROVIGO, pois sempre se acentuaba o que poderíamos chamar radical e tendo en conta que o “R” final é suave.

**CHOVIRI**

**CHUMECO**

**CHUPITO:** En castelán: grolo de viño ou de licor.

**DARRIBA**

**DEDILLO:** Pode ser do verbo “dedillar”: Facer vibrar cos dedos // Executar cos dedos // Xogo de nenos.

**ESCALLOTE, -TA:** Poder ser diminutivo de ESCALLO, certo peixe // Alguén desta familia debeu vivir polo barrio do Matadeiro, pois había un cantar hai moitos anos, que dicía: “*En el Matadero hay / tres muchachas como soles: / Una le llaman la GAITA; / otra CARMEN LA SABELA/ y otra PEDRO E L ESCALLOTE, / que es la más hermosa de ellas.*”

**FEITAS, O**

**FLORES**

**FONA:** Houbo un zapateiro chamado o Fona, que tivo varios fillos, entre eles unha chamada Germana, alcumada PI-CHINA, que foi a que sobreviviu a tódolos demáis, da que se falafa máis adiante.

**FORIFÓ:** Enomatopeia das antigas bocinas dos automóbiles.

**FOX, PEPE DA**

**FRIKIS**

**FUCHE**

**GACHÓ**

**GALUMÁN**

**GARAPETO:** En Betanzos chámasele “garapeta” á borra-cheira.

**GARELO, -LA:** Alcume xenérico de todos e cada un dos betanceiros e betanceiras. Segundo Manuel Martínez Santiso na súa “*Historia de la Ciudad de Betanzos*” este alcume provén de cando a batalla do Campo das Figueiras, cerca do Valdoncel, en contra dos mouros que viñan recolle-lo Tributo das Cen Donce-las, os betanceiros chamaban “garelas” ás galeras. Nos diccionarios veñen outros significados, algúns non moi agradables.

**GARRAFIS**

**GEIVORA**

**GEVILLA**

**GERIBÍ**

**GIRÚ**

**GORECHO:** Pode ser diminutivo de Goros.

**JAMBA**

**JOLÍN**

**KANKIS**

**LABANA:** Podería ser I.A HABANA

**LAMBIOS:** Véxase máis adiante PEREVE

### LANDRIJAS

**LAROUCAS:** Prudencio o Laroucas bailaba na Danza de Mariñeiro e era o que levaba a moca. Disque era moi feo e moi boa persoa. Estaba casado coa MAMOIA, da que se fala más adiante.

**LENTEJAS:** Chamábaselle así a tódolos nenos que usaban gafas ou lentes. Cando alguén lles alcumaba: ¡Lentejas! eles contestaban: Si las quiere las tomas y si no las dejas.

### LINDRIN

### LINJINACHO

### LITRAZO

**LOFA:** En Toba (A Coruña) quere dicir gamberro.

### LULÚ, O

### LUNA

### LUNA CHEA

### MACANO

### MACARRÁ

**MAIÑAS:** Pode ser diminutivo de más (mans).

### MALLÉ

### MAMAIÑA

### MAMBO

**MAMOIA:** Estaba casada con Prudencio o Laroucas. A súa manería de ser está reflexado nun cantar da época:

*"La mujer de Prudencio Laroucas  
a la cual llamamos señora MAMOIA,*

*no le gusta beber aguardiente  
por vaso ni copa sino por cazola.  
Y después de tomar la gran chispa  
recorre las calles de la población,  
insultando a las gentes honradas,  
hasta que la meten en el cagarrón.  
¡Ay que lata, ay que lata  
está dando esta luz tan barata!  
¡Caracoles, caracoles,  
es mejor encender los faroles!"*

#### MAMPIRAS

#### MANATO

#### MANINES

#### MANULAS, AS

MEAO, O: Tiña unha tenda de comestibles e a súa dicción non era perfecta nin moito menos. Un día entrou unha señora preguntando se tiña latas de conserva marca ALBO e el contestoulle: "No, pero las tengo MEAO."(MIAU).

#### MELEXAS

MELIMES: Pode ser de algúin que, cando pretendían "limalo" ou "tomarlle o pelo", contestaba MELIMES. Hai quen contesta outras cousas...

#### MENÉN

MESOPLES: Actuou nunha función teatral cantando unha "ranchera mexicana" titulada "*Que tu ya no soplas*" e a actuación non foi un éxito porque el non sabía ben a letra e quedouille de alcume o devandito.

#### MINGULÍN, -NA

## MIRLOCHO

**MIXICO:** Véxase BOLAÑO no apartado de APELIDOS.

**MONSOR:** Aparece no reparto da Contribución de Utensilios de 1824 a 1825.

**MOXENAS:** Pode ser variante de MUXICA.

## NACHAPERRA

## NANARÚ

## NATEIRA

**NETA:** Boliña de pan que se fai para os nenos cando se coce.

## ONGUI

**PAJILLAS:** Había un sombreireiro na Rúa Travesa que, cando pechou o negocio porque case ninguén usaba sombreiro, regalou moitas “pajillas” que tiña sen vender ós nenos daquela rúa, que as poñían por chiste. Os demás nenos alcomábanllas co nome do tal sombreiro.

## PALALO, -LA

**PANASCA:** Prado natural.

**PANOLIO:** Poidera ser unha deformación de PANOIO: Pailaroco. // Véxase o cantar que hai en LEPA, apartado de VIRTUDES, DEFECTOS E OUTRAS PARTICULARIDADES.

## PAPACHO

## PAPARRELAS

**PARRALA, A:** Rapaza que viviu unha tempada en Betanzos, precisamente cando estaba de moda unha canción andaluza titulada “*La Parrala*”.

## PATETE

**PATÍN, DO:** Xente que vivía nunha casa que tiña un  
**PATÍN:** En Betanzos chamámoslo a unhas escaleiras exteriores  
para chegar á porta de entrada da casa.

**PATUSO, -SA:** Poidera ser unha deformación derivada  
de **PATUXAR.**

## PECHA NO CALDO

## PEDRÁN

## PEJITOS

## PELÁ

## PELACHO

## PELUEIRO, -RA

## PELUFO

**PEPEDO:** Consta en acta de defunción parroquial de  
1860.

**PEPERRETA:** Pode ser unha deformación de **PAPARRI-**  
**TADA:** Calquera cousa mol e mesta coma as papas.

**PEREVÉ:** Polos anos 1925 ou 26 uns rapaces da Cruz Verde  
formaron un equipo co nome de “CLUB DE FUTBOL RATA-  
PLÁN”. A alineación era a seguinte: Porteiro: TRENCO; defen-  
sas: GARDUÑO e CAGALACENAS; medios: LAMBIOS,  
FUSO, PEI.UQUERO; dianteiros: PERIQUITO, FERREIRO,  
MORO MUZA, PERNA CURTA e PEREVÉ. Capitán Juan de  
Perevé, alias MARRANILLA.

**PERICÓN:** Aparece no reparto da Contribución de Utensilios efectuado nos anos 1824 e 1825.

## PERRÁN

**PERRECHO:** Pode ser masculino forzado de PERRECHA: Vulva. E sendo así nada habería más forzado.

### PERRENA

**PERRERA:** Pelo que cae pola testa nalguns animais e, por extensión, no home.

### PERRUNDO, PORRUNDO ou PURRUNDO.

### PESI

### PESICANO

### PESQUELLO

### PESQUI

### PETASO

### PIBE

### PICOTILLA

### PICULO

### PICHICADA

**PICHINA:** Chamábase Germana e era filla do FONA. Esta muller voltouse tola e tiña a manía de vestir da forma máis extravagante e rara; usaba luvas brancas, sombreiros estrafalarios e traxes excéntricos. Cando alguén saía cunha moda un pouco rechamante dicíase que parecía a PICHINA. Curiosidade: No telediario das 3 da tarde do día 5 de marzo de 1987, con motivo de que a Administración quería retirar da circulación ás sadiñeiñas de Santurce, falaron dunha moi famosa que se chamaba PICHINA.

### PILRÓ

### PIMPINETE

**PINCHAJATERA:** Poidera ser afeizoada a dar pincha-

gatos.

### PIQUICA

PIRISCALLO: En Betanzos chámaselle ó pillabán.

### PIRIVÍ

~~PIRULL  
PITÍS~~ PITOQUE: Poidera ser unha deformación de PITOCO. En Ares chaman así ó burato que hai no fondo do bote para achica-la auga.

### PITUSO

### PIZARRONA

### PLANAS

### PORRÓ

### PURRO

### QUINSO

### RABACHO

### RASQUELO, -LA

### REFAJA

### RENTE

RICALATUMBA: Había un vello apelidado Camposa, que estaba bastante tolo e cando lle daba a tolada pillaba un pau na man, axitába o cara arriba e cantaba: "Ricalatumba, tumbalarrica", repitindo ata que se cansaba.

### RIKES-

### RITOLO

ROCOCÓ: A finais dos anos 30, un dos primeiros cursos de latín estudiábase por un libro do que era autor un tal R.S. Coco. Un día, refiríndose a el, dixo un: "Este libro de Rococó..." e quedóulle o alcume.

**ROSIO:** Chamábanlo a certo personaxe, de nome Marcial, que tocaba a guitarra e cantaba “historias” polas feiras. Nunha ocasión estivo de moda un cantar que dicía a letra: “*Rosío, iay mi Rosío! manojito de claveles...*” E como o cantaba moitas veces quedóulle o alcume.

#### RUCA

**SALTIMPORTA:** Poidera ser que se lle aplicara, por analogía, o significado de **SAI.TIMBANCO:** Titereteiro, acróbata ou ximnasta.

**SANROCA:** Poidera ser feminino forzado de San Roque.

#### SECÚA

#### SERODIO

#### SETA

#### SEVA

#### SOÑA, O

**SOPLA O LUME:** Despectivo. Cando se metía nas conversas dos demáis dicíanlle: “*Ti sopla o lume.*”

#### SUI

#### TAMAÑAS, AS

**TARRAÑA:** Pode ser derivado de **TARRAÑOLAS:** Persoa que ten as pernas pequenas en proporción ó corpo e que se bambanea ó andar.

**TASÁN:** Puidera ser deformación de Tarzán.

#### TATARULA

#### TATULAS

**TERCIO:** Chamado tamén Manolo da Pepita.

#### TIRROLAS

**TONÁN**

**TOQUES**

**TORÉ**

**TORIORÓ**

**TORRITOS ou TURRITOS**

**TOTOA**

**TOTONECO**

**TOURÍS, -SA**

**TRASNOCO:** Podería ser un despectivo de TRASNO.

**TREITOIRAS**

**TRES BALCÓS, DOS:** Esta xente vivía nunha casa da rúa de San Francisco, frente ó Convento, que ten tres pisos altos, todos con balcón.

**TRIQUINAI:** Puidera derivarse das dúas palabras seguin tes, que teñen relación entre sí: TRIQUILLÓN, que é quen negocia con porcos, ou TRIQUIÑÓN, que é o mediador dese negocio.

**TRONCO**

**TUPAMARO:** Membro do Movemento de Liberación do Uruguay, organización de guerrilla urbana fundada por Raul Sendic en 1962. O nome foi adoutado en memoira do cacique quechúa TUPAC AMARU.

**VIDILLO, MAI:** Véxase BOLAÑO no apartado de APE-LIDOS.

**VIDINCHE**

**VILLITA**

**VIRULÉ:** Podería ser unha deformación de PIRUI. É: Home

aparvado e de pouco xuicio.

**VIRUTILLA:** Este home andaba nas feiras vendendo, antes da Guerra Civil. Tiña un coche para o seu traballo, que non funcionaba moi ben, difícil de acender por máis voltas que se lle dera á manivela, polo que facía debaixo do motor unha pequena lumarada cunhas presas de viruta. E de aí lle ven o alcume.

**VIUDA, DA**

**VOAR**

**VOLADOR**

**VOY QUERIDA:** Debía ser moi obediente cando o chamaba a muller.

**XAGATA**

**XIADA**

**XIN**

**XIPETO**

**XOTI**

**XUGÜI**

**YIM:** Pode ser unha adaptación do inglés JIMMY.

**ZAROCAS:** Chamábanlo ó Vello Carolo. Véxase no apartado de FAMILIARES E DIMINUTIVOS.

**ZÚMBALLE LA PUÑETA:** Castrapo dunha frase castelá para expresar sorpresa.

A continuación publicamos a música que corresponde a algunhas cancións das que a letra figura como complemento ou explicación de certos alcumes incluídos neste traballo, recollida e trasladada ó pentagrama polo compositor betanceiro CARLOS LOPEZ GARCIA:

**MARCHO MAÑANA**, que figura no apartado Virtudes, defectos e outras particularidades:



**TOUPORROUTOU**, que figura no mesmo apartado anterior:



**MAROLA**, que figura no apartado De Situación:



PAPUXA, no apartado de Aves e corresponde á primeira can-tiga:



CASABLANCA, apartado Sen Clasificar:



MAMOIA, no mesmo apartado Sen Clasificar:



PAXINA ADICADA OS ALCUMES ESQUENCIDOS  
POLOS AUTORES

## *INDICE*

	<i>pax.</i>
<i>INTRODUCCION</i> .....	5
<i>A FORMACION DOS APELIDOS</i> .....	6
<i>OS ALCUMES: DEFINICION E ORIXES</i> .....	9
<i>CARACTERISTICAS DO ALCUME</i> .....	10
<i>A GRADUAL DESAPARICION DOS ALCUMES</i> .....	11
<i>A NOSA RECOLLEITA</i> .....	15
<i>OUTRAS RECOLLETAS DE ALCUMES EN GALICIA</i> .....	16
<i>NOMES DE PERSOA</i> .....	19
<i>APELIDOS</i> .....	27
<i>FAMILIARES E DIMINUTIVOS</i> .....	36
<i>PSEUDONIMOS</i> .....	48
<i>PERSONAXES CELEBRES</i> .....	53
<i>POLITICOS</i> .....	63
<i>DEPORTISTAS</i> .....	64
<i>OFICIOS, PROFESIONES, CARGOS</i> .....	68
<i>VIRTUDES, DEFECTOS E OUTRAS PARTICULARIDADES</i> .....	79
<i>MANIAS, GUSTOS E AFEIZONS</i> .....	105
<i>INDUSTRIAS E ESTABLECIMENTOS</i> .....	107
<i>TOPONIMOS</i> .....	111
<i>XENTILICIOS</i> .....	117
<i>DE SITUACION</i> .....	119
<i>MALSOANTES</i> .....	120
<i>MAMIFEROS</i> .....	122
<i>AVES</i> .....	125
<i>PEIXES</i> .....	127
<i>OUTROS ANIMAIS</i> .....	128
<i>COMESTIBLES</i> .....	129
<i>RELACIONADOS COAS MOEDAS</i> .....	131
<i>COUSAS RELACIONADAS CO MEDIO RURAL</i> .....	132
<i>OBXETOS, MAQUINAS E TREBELLOS</i> .....	137
<i>SEN CLASIFICAR</i> .....	142

recollidos por Marcelino Alvarez López.

D. Antonio de la Cor	A' Maseda
bata.	O' Mazás
O' Atanoco	O' Mazapán
As Beltranas	A' Medio Metro
A' Bretona	O' Manolito $\frac{1}{2}$ Millón
A' Broca	A' Mimi
O' Cachafeiro	A' Miñota
O' Cagalla Japonesa	A' Miragalla
A' Cagarrela	O' Moderno
O' Can	A' Mona
O' Cara Peseta	O' Nochebuena
A' Catalana	O' Oscarito
A' Cazola	O' Pacheco
O' Copito de Nieve	O' Pedro das Zocas
A' do Couto	O' Pepé
O's Cubanos	O' Peperrita
A' Chachana	O' da Pepita
A' Chaparrita	O' Pomploncio
O' Chapú	O' Forqueiro
A' Chata	O' Postinero
O' Cherena	O' Primitivo
O' Chirili	O' Pulga
A' Chirola	O' Patata Frita
A' Chiripa	A' Rachada
As Faraldas	O' Rato das Cañerías
A' Feituca	O' Rey
A' Flor de Te	O' Riaña
O' Fungueiro	O' Rocío
A' Gaivora	O's Rodeiros
A' Gandolla	A' Rompevillas
O' Guracho	A' Roxa
O's da Huevera	O' Saturno
O' Jalilea	O' Selleiro
A' Lalá	O' Serapio
A' Liboria	A' do Sereno
O's Madrileños	O' Taró
O' Maestro	O' Tatín
A' Mamá Camión	O' Tres en uno
A' Mantequera	O' Bobo